

# PROXECTO DE FOMENTO DO USO DO GALEGO

**EQUIPO DE**

**NORMALIZACIÓN  
E DINAMIZACIÓN**

**LINGÜÍSTICA**



**Curso 2008-2009**

**ÍNDICE**

1. PRESENTACIÓN .....	4
2. ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO .....	5
3. OBXECTIVOS .....	7
4. ACTUACIÓN .....	11
PROXECTOS PLURIANUAIS .....	12
1. REVISTA BICO DA RÍA, nº 1 .....	12
2. BLOG DO ENDL: O CASTELO DA LÚA .....	15
3. PROXECTO: NO MEU MAR, NA MIÑA LINGUA II .....	16
• Estudo terminolóxico .....	17
• Elaboración de vocabularios (dixital e papel) .....	17
• Curtametraxes .....	18
• Presentación do proxecto. ....	18
4. CLUB DE LECTURA .....	20
• Grupos de lectura .....	20
• Creación do blog Ex-libris .....	21
• Visita a bibliotecas .....	21
• Charlas-coloquio .....	21
5. CAMPAÑA NO ÁMBITO ECONÓMICO .....	23
• Premio Castelao á mellor campaña publicitaria en galego. ....	23
• Díptico .....	24
• Cartas .....	24
• Diploma .....	25
6. INTERCAMBIO CULTURAL CON OUTRO ENDL .....	25
7. PARTICIPACIÓN EN COORDINADORAS COMARCAIS .....	27
• Coordinadora Leixaprén de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística ..	27
• Coordinadora Comarcal de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística do Barbanza .....	28
8. Xestión de taboleiros .....	29
PROXECTOS NOVOS .....	30
1. NORMALIZACIÓN E INTERNET .....	30
• Xornada de presentación: Internet na escola .....	30
• Creación da páxina WEB do ENDL .....	31
2. LETRAS GALEGAS 2009. HOMENAXE A RAMÓN PIÑEIRO .....	33
• Exposición sobre o homenaxeado .....	33
• Piñeiro e o ensaio filosófico galego: Libro viaxeiro .....	34
• Concurso de lectura en alto: .....	34
• Conferencia e actuación .....	35
3. O GALEGO E O CINEMA .....	36
4. MÚSICA EN GALEGO .....	37
• Charla sobre música galega en galego (presentación do CD) .....	37
• Concerto de música actual .....	37
LABOR EDITORIAL .....	39
1. REEDICIÓN DE MATERIAIS: .....	39
• Ficha de “dúbdas lingüísticas” para o profesorado (Reedición ampliada e corrixida) ..	39
• Tríptico “o galego na rede: ferramentas de axuda” .....	39
• Díptico de actualización normativa .....	40
2. EDICIÓN DE MATERIAIS NOVOS: .....	41
• Revista en DVD .....	41

• CD “Ferramentas ofimáticas en galego” .....	42
• Calendarios.....	42
ACTIVIDADES DE PARTICIPACIÓN COLECTIVA: CHARLAS, CONTACONTOS E OBRADOIROS .....	43
1. Charla para pais e nais: Vantaxes do plurilingüismo .....	43
2. Contacontos .....	44
3. “Galicia e as relacións cos países de lingua portuguesa” .....	45
4. Obradoiro de optimización comunicativa. “O falar non ten cancelas” .....	45
5. “Charla- obradoiro de dereitos lingüísticos” .....	46
6. Obradoiro de regueifas .....	46
SAÍDAS: .....	47
A PORTUGAL.....	47
A SANTIAGO.....	47
VARIOS .....	48
• Rotulado en galego do centro.....	48
• Cartas de amor plurilingües.....	48
• Diplomas para o alumnado do ENDL que abandona o centro.....	49
• Lecturas non literarias en galego.....	49
• Camisetas, chapas e/ou bolígrafos .....	50
• Campañas e iniciativas externas.....	50
MEMBROS DO EQUIPO .....	51
5. ANEXOS.....	54

# 1. PRESENTACIÓN

Antes de presentar o proxecto do presente curso, cómpre facer notar unha serie de circunstancias que lle van afectar de forma directa ó traballo do ENDL e que se poden agrupar en dous apartados:

1) O primeiro ten que ver cos **medios humanos** que forman o equipo:

- Reduciuse o cadro de persoal este curso o que derivou en que a dirección do centro non puidese outorgarnos máis horas para normalización porque todos/as os/as profesores/as do equipo estamos excesivamente saturados de horas de clase e gardas.
- Somos un centro moi grande, con moito profesorado e unha ampla oferta de optativas en bacharelato, o que fixo imposible conseguir unha hora de reunión que fixese coincidir polo menos a parte dos membros do equipo.
- O curso pasado desenvolvemos un volume de traballo excesivo, por riba das nosas posibilidades e nunhas condicións de traballo moi pouco favorables. Isto provocou que profesorado do ENDL quedase “queimado”. Ademais, pese a que o obxectivo normalizador está presente sempre e todos os membros teñen asumido que forman parte dunha “ONG da lingua”, séntense discriminados ó comparárense con outros centros.

2) O segundo está en relación cos **medios económicos**.

- Os membros do departamento sentímonos un tanto desencantados porque temos moitos proxectos, moitas ganas de traballar, deseñamos moitas actividades e sempre temos moi poucos cartos. O centro este curso está metido en varias inesperadas reparacións e reformas de envergadura, que provocan un déficit nas súas arcas. Ademais este ano non conseguimos alumnado para o Programa de cualificación profesional (antigo PGS), que o ano pasado nos axudou –ó incluír ós seus alumnos nas actividades- a pagar grande parte de charlas e conferencias. Isto supón que teremos que pasar a primeira parte do curso centrados en proxectos que non leven consigo gastos económicos: revista dixital, blog... ou para os que xa temos financiamento (proxecto No meu mar...) Sempre botamos parte importante do curso buscando financiamento privado, que este curso non sabemos se atoparemos (xa todos nos deron algo). Polo tanto repetiremos coma o curso pasado a venda, por parte dos membros do ENDL de **lotería de Reis**, que nos permita o financiamento dalgunhas actividades.

- A ANPA Virxe de Guadalupe, que engloba a nais e pais do noso alumnado, deunos de palabra o seu apoio ás actividades do equipo e comprometeuse a apoiarnos economicamente na medida das súas posibilidades en proxectos concretos.

A presente programación foi consensuada entre todos os membros e consideramos que a imos levar a diante, pero quedamos pendentes de como será o desenvolvemento do curso e o financiamento que consigamos. De feito, varias actividades poden quedar sen realizar debido á imposibilidade de medios humanos e económicos.

## **2. ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO**

Durante o curso 2007-2008 actualizamos a análise sociolingüística do noso IES mediante enquisas a familias, alumnado e profesorado. Tamén fixemos observación de tódolos demais indicadores. Resumimos a continuación os principais datos obtidos, pero no Anexo I preséntase unha análise sociolingüística máis detallada:

1. O contorno sociolingüístico do centro é maioritariamente galegofalante. O galego é a lingua empregada habitualmente nas comunicacións orais nas familias do concello de Rianxo, dado que esa é a lingua materna da maioría da poboación. Con todo existe algunha diferenza a nivel social (algunhas familias de clase alta empregan o castelán) e detéctase perda de lingua interxeracional.
2. Trátase dunha poboación diglósica, é dicir, que emprega o galego en situacións orais en contextos coloquiais pero tende ó uso do castelán en contextos formais e sobre todo na escrita, onde non adoita ter dominio do galego (a maioría da poboación rianxeira ten un nivel sociocultural medio-baixo).
3. O **alumnado** ten as mesmas características, coa salvidade de que controla máis o rexistro culto do que o fan os maiores do seu contorno. Con todo, o alumnado pese a ser galegófono, cómpre salientar que -en xeral- non ten unha competencia moi alta no que se refire ó rexistro culto, tanto a nivel escrito como oral. Aínda que poida parecer estraño nun contexto galegófono, non o é debido a varias razóns:
  - As representacións negativas que teñen do galego e que son comúns na maioría dos mozos en xeral e dos galegofalantes en particular, tal e como se ten demostrado en estudos coma o do Seminario de Sociolingüística da RAG (González González, 2003). Isto concretouse nun estudo feito pola coordinadora do ENL durante a súa licenza de estudos no ano 2004 (Formoso Gosende, 2004)

- As representacións negativas que teñen da súa fala. Os motivos fundamentais son:
  - a. pertenceren a unha variante dialectal moi marcada por conter dous trazos como son o seseo e a gheada moi estereotipados como de xente ruda, sen cultura e de clase social baixa.
  - b. interferencias que teñen do castelán, coma tódolos galegofalantes de lingua materna galego que os leva a definir o seu idiolecto como castrapo. Teñen sempre a idea de que “falan mal”, feito que os leva a abandonar a súa lingua en rexistros cultos.
  - c. sentiren o estándar da súa propia lingua como algo inventado e lonxe do seu idiolecto. Por outra banda consideran que non o dominan, dado que as súas lecturas e a maioría da súa escrita fana en castelán, lingua na que consideran que teñen maior dominio.

Destaca no alumnado un descenso importante e preocupante de galegofalantes en 1º ESO, tanto de lingua inicial como de lingua habitual. Empregan moito as dúas linguas e aumentou o número de monolingües en castelán.

4. O **profesorado** manifesta, de xeito maioritario, ter un dominio das dúas linguas e empregar o galego nas aulas máis ca na súa vida cotiá e mesmo nos usos con outros compañeiros. Co nivel de uso que din empregar, o galego é a lingua máis empregada para dar as aulas no 1º ciclo da ESO, manténdose algo por riba do 50% no resto dos cursos, variando duns grupos a outros, segundo o profesorado.
5. A situación lingüística do centro podémola definir como bastante galeguizada. Aínda existen rótulos en castelán, pero hai un índice de uso do galego bastante elevado en case tódalas dependencias que ademais se vai tentar aumentar este curso.

Ante estas circunstancias, o Equipo de Normalización Lingüística do IES Félix Muriel preparou o Plan de actuación cuns obxectivos xerais e específicos, así como unha programación de actividades para o presente curso 2008-2009.

### **3. OBXECTIVOS**

Dada a situación que vimos de describir, cómpre incidir nos puntos máis fracos para tentar mudar aqueles aspectos que están mantendo o galego nunha situación –máis ou menos manifesta- de minorización. Para isto marcamos unha serie de obxectivos xerais que figuran xa no Proxecto Lingüístico de Centro:

#### **1. Potenciar e estender o uso da lingua galega no IES e no seu contexto:**

- a. Conseguir que a lingua galega sexa a habitual do centro tanto a nivel oral coma escrito.
- b. Promover o seu uso por parte do profesorado, do alumnado e do persoal non docente, tanto no rexistro culto coma no coloquial.
- c. Mellorar a competencia lingüística entre alumnado, profesorado e persoal non docente.
- d. Tentar frear a perda de transmisión interxeracional da lingua, incidindo nas familias e no alumnado.

#### **2. Conseguir un cambio de imaxe que permita acadar cotas máis altas de prestixio para a lingua galega.**

- a. Valorar positivamente o uso da lingua galega entre os membros da comunidade educativa
- b. Eliminar prexuízos de cara á propia variante dialectal, para afianzar o seu uso en tódolos contextos.
- c. Eliminar estereotipos negativos cara ó galego do tipo: o galego é lingua do rural, é lingua das clases baixas...
- d. Afianzar a súa lingua ligándoa coa propia identidade.
- e. Afianzar o seu idiolecto, eliminándoo de castelanismos, para desterrar a idea de que falan “castrapo” é dicir, “falan mal”
- f. Eliminar os prexuízos cara o galego estándar e conseguir que o valoren na súa xusta medida.

#### **3. Implicar todos os axentes escolares neste proceso**

- a. Conseguir a participación da maioría do profesorado e do alumnado nas actividades que fomenten o uso da lingua galega.
- b. Organizar actuacións que cheguen a pais, nais e titores.
- c. Implicar a ANPA nas diferentes actividades que se desenvolven no ENDL, buscando a máxima participación e colaboración.
- d. Tentar integrar a planificación lingüística do centro en todos aqueles proxectos e plans que os diferentes equipos docentes desenvolvan, ben sexa naqueles prescritivos (plan lector, plan de desenvolvemento das TIC, plan de mellora da biblioteca escolar...) como en calquera outro que de xeito voluntario se integre o centro, para a súa inclusión no proxecto educativo (PE) e na PXA.

#### **4. Contribuír á dinamización lingüística do contexto**

- a. Dinamizar o uso do galego no centro de xeito que repercuta no exterior.
- b. Concienciar a empresarios e comerciantes do uso da lingua propia
- c. Facilitarlles materiais a comerciantes e empresarios para que aumenten o uso do galego.
- d. Normalizar o uso do galego nas escolas deportivas
- e. Recuperar léxico e terminoloxía tradicional ligado co mar entre os mariñeiros, pescadores, bateeiros...
- f. Difundir a actividade normalizadora ás entidades do contorno (concellos, aula do mar, Museo de Castros Neixón) a través do intercambio

En resumo, o Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística do IES Félix Muriel de Rianxo, ten o seu obxectivo principal moi claro: conseguir a normalidade da lingua galega dentro da comunidade escolar e do seu contorno. Para iso temos que facer que o galego estea presente en actividades nas que se requira un rexistro culto, sobre todo escrito, e programar actuacións que leven a mellorar as actitudes cara á lingua propia.

A continuación imos especificar unha serie de obxectivos específicos que marcamos para este ano, indicando que obxectivos xerais cobren:

- Achegar o galego ás novas tecnoloxías. (Obxectivos 1 e 2)
- Organizar charlas para diferentes grupos de alumnos coa finalidade de facelos reflexionar sobre a realidade da lingua. (Obxectivos 2 e 3)
- Elaborar materiais destinados a aumentar o uso escrito do galego entre a comunidade educativa. (Obxectivos 1 e 3)

- Demostrar o valor do galego como manifestación cultural oral a través de contacontos e obradoiros de regueifas. (Obxectivos 2 e 3)
- Animar a lectura en lingua galega a través do Club de lectura, así como das subscricións a revistas e xornais en lingua galega. (Obxectivos 1 e 3)
- Continuar editando a revista dixital e o blog do equipo, as dúas publicacións redactadas integramente en galego. (Obxectivos 1, 2, 3 e 4)
- Promove-lo uso do galego escrito en actividades que motiven os adolescentes como poden se-los concursos de cartas de amor. (Obxectivos 1, 2)
- Dar a coñecer a figura do homenaxeado nas letras galegas (Obxectivos 1, 2, 3 e 4)
- Dar a coñecer ó alumnado do ENDL o traballo doutro ENDL para que teñan a oportunidade de compartir experiencias, así como de comprobar a forma de actuar, de organizar as actividades normalizadoras, etc. do outro centro. (Obxectivos 1, 2, 3 e 4)
- Entrar en contacto con rapaces dunha realidade social, cultural e lingüística diferente. (Obxectivo 2)
- Continuar coa campaña de galeguización do contorno centrada este curso na publicidade. (Obxectivo 4, 1, 2 e 3)
- Continuar a dinamización na área dos deportes relacionados co mar (Obxectivos 4, 1, 2 e 3)
- Seguir coa recuperación de léxico tradicional relacionado co mar (Obxectivo 1, 2, 4)
- Proporcionarlles ós membros da comunidade educativa información sobre actividades do equipo e de todos aqueles actos e institucións culturais relacionados coa realidade galega (Obxectivos 1 e 3).

Este obxectivos van destinados a mellorar e potenciar o uso do galego no ámbito escolar e extraescolar nos seguintes **destinatarios**:

- Alumnado: Traballarase coma nestes anos a mellora dos seus usos cultos e das súas actitudes cara á lingua.

- Profesorado: Ó que se lle darán tódalas ferramentas que lles poidan ser de utilidade para o desenvolvemento da súa actividade docente e sobre o que se tentarán mellorar posibles actitudes negativas que teñan cara á lingua.

- Persoal non docente: Da mesma maneira ca ó profesorado, tamén se lles facilitarán materiais que lles axuden no desenvolvemento das súas actividades, tendo en conta que no caso do persoal administrativo hai que reforzar a escrita e no caso dos bedeis a oralidade.

- ANPA: Velarase para que o galego sexa a lingua de comunicación oral e escrita entre os membros da ANPA e o resto da comunidade educativa
- Institucións e entidades do contorno: Desde o IES vanse tentar campañas de cara ó exterior do centro, para que a lingua galega vaia acadando un prestixio e un uso noutros contextos (empresa, concello, asociacións deportivas...) para que á súa vez redunde nunha mellor imaxe da lingua para o alumnado e as súas familias.

## 4. ACTUACIÓNS

Presentamos as actuacións divididas en grupos:

- 1- **Proxectos plurianuais.** Aqueles proxectos que xa comezaron en cursos anteriores, pensados con carácter plurianual e ós que queremos dar continuidade.
  - a. Revista
  - b. Blog
  - c. Proxecto *No meu mar, na miña lingua*
  - d. Club de lectura
  - e. Campaña no ámbito económico
  - f. Intercambio con outro centro de ensino
  - g. Participación en coordinadoras comarcais
  - h. Xestión de tableiros
- 2- **Proxectos novos.** Neste apartado incluímos tres proxectos que máis que, ou ben é a primeira vez que os realizamos (apartados a, c) ou ben xa os realizamos noutras ocasións (coma o das Letras galegas) pero conteñen no seu interior actividades novidasas.
  - a. Normalización e internet:
    - i. Xornada de presentación
    - ii. Páxina web do ENDL
  - b. Letras galegas 2009:
    - i. Exposición
    - ii. Piñeiro e o ensaio filosófico galego: libro viaxeiro
    - iii. Concurso de lectura en alto
    - iv. Conferencia e/ou actuación
  - c. O galego e o cinema
- 3- **Labor editorial.** Englobamos aquí as actividades que realizamos de edición de materiais. Este curso subdividímolos en dous grupos: por un lado a reedición de materiais que xa saíron noutras ocasións e polo outro a “edición de materiais novos”
  - a. Reedición de materiais
  - b. Edición de materiais novos
- 4- Organización de **actividades de participación colectiva**
  - a. Concerto de música actual galega
  - b. Contacontos
  - c. Charla: Galicia e as relacións de lingua portuguesa

- d. Obradoiro de optimización comunicativa: O falar non ten cancelas
  - e. Charla-Obradoiro de dereitos lingüísticos
  - f. Obradoiro de regueifas
- 5- **Saídas.** Engloba as dúas viaxes que temos pensado organizar: unha a Portugal e outra a Santiago.
- 6- **Varios.** Nesta epígrafe incluímos unha serie de actuacións individuais:
- a. Concurso de cartas de amor
  - b. Concurso de lema e deseño para camisetas, chapas e /ou adhesivos
  - c. Diplomas para o alumnado que abandona o centro do ENDL
  - d. Lecturas non literarias en galego
  - e. Campañas e iniciativas externas

## **PROXECTOS PLURIANUAIS**

Nesta epígrafe incluímos as actividades que derivan de proxectos postos en marcha con anterioridade pero isto non quere dicir que non haxa actividade novas na maioría deles. Pode haber algún que realmente é continuísta como a revista dixital na que realmente pouco se innova, mentres que o blog se reestrutura todo. Tamén todas as actividades que están dentro da campaña no ámbito da empresa menos unha son novas. Do mesmo xeito, o proxecto *No meu mar, na miña lingua* é unha segunda parte na que se tratan ámbitos diferentes e onde hai actividades que na primeira edición non se realizaron.

### **1. REVISTA BICO DA RÍA, nº 1**

#### **Descrición:**

O curso pasado, tal e como sinalamos na memoria, demos comezo á revista dixital do ENDL á que lle chamamos *Bico da ría* ([www.bicodaria.com](http://www.bicodaria.com) ou [www.bicodaria.org](http://www.bicodaria.org)), da que sacamos o número 0. Pese ó esforzo que tivemos que realizar, quedamos moi contentos da experiencia, polo tanto imos darlle continuidade e tentar este curso presentar o número 1. Pese a que se trata dunha revista en rede, non a concibimos coma un espazo aberto no tempo, senón que abre e pecha con cada curso académico. Con todo teremos un enlace para o

Recordamos que a revista foi deseñada pensando en que o obxectivo era comunicar o seguinte:

- ❖ As principais actividades realizadas no ENDL e no centro
- ❖ Temas de interese educativo
- ❖ Temas de interese xeral para a comunidade educativa
- ❖ Entrevistas a persoeiros do contorno do alumnado

- ❖ Opinións dos membros da comunidade sobre calquera tema que teña relación con ela.
- ❖ Creación literaria e artística, de calquera membro da comunidade educativa.
- ❖ Información deportiva
- ❖ Traballos de investigación realizados polo alumnado

As novas seccións coas que arrancam, e coas que imos seguir nun primeiro momento, son as que se detallan a continuación :

01- NÓS (dedicada ás actividades do ENDL )

02- Rianxiño viaxa (dá conta das saídas e excursións que se realizan no IES)

03- Eu opino, ti opinas... (dedicada a recoller artigos de opinión)

04- Deportes (dáse conta tanto do deporte escolar, coma de temas deportivos de interese)

05- Música... de aquí e de acolá (recolle cuestións relacionadas coa música, especialmente coa galega)

06- Sabías que... (agrupa traballos de investigación)

07- Retratos (é o lugar para as entrevistas)

08- Restra de noticias (introdúcense noticias de actualidade tiradas dos xornais)

09- Currunchos de artistas (é o apartado dedicado á creación tanto literaria como plástica)

10- Materiais (Esta sección foi creada para poder cargar nela os materiais que elaboramos no ENDL)

O curso pasado tiñamos unha sección que era *Club de lectura*, pero quedou baleira porque a información do club -cando se conseguiu poñer en marcha a revista- xa se estaba a introducir toda no blog. Este curso imos crear un blog específico do Club de lectura, polo tanto xa non ten sentido este apartado, nin aquí nin no blog *O castelo da lúa*.

### **Funcionamento:**

O consello de redacción da revista está formado polo profesorado e alumnado do ENDL. Sempre tentamos que estean na dirección membros do alumnado de bacharelato. Tentaremos que este curso tamén sexa así, aínda que no momento da redacción desta programación non puidésemos aínda organizar o traballo.

Cada sección é responsabilidade dun membro do profesorado. Este é o encargado –xunto con algúns alumnos- de pedir artigos, de revisalos, validalos e enviárllelos ós correctores lingüísticos. Unha vez pasada esta última revisión, o responsable da sección, ou algún dos alumnos con acceso á clave, encárgase de subilo á rede. O proceso vólvese algo complicado debido ó deficit de medios técnicos no departamento e á posibilidade de traballar unicamente nos recreos co alumnado. Os artigos pídense en formato dixital (Vid. Anexo II: normas para a revista) e dáselles o enderezo de correo electrónico do ENDL para que os envíen, pero este sistema é moi pouco empregado. Normalmente tráenos gravados en soporte dixital, pero tamén hai quen os presenta

en papel e á man porque non ten ordenador. Daquela o alumnado e profesorado do ENDL son os que se encargan de picalos, pero no local do equipo só temos 3 ordenadores para tódalas actividades que realizamos.

Para seguir mantendo o contacto co centro por parte dos ex-alumnos creamos unha subsección no apartado de retratos, para que algúns daqueles nos conten as súas experiencias tras abandonar o centro (na universidade, en ciclos formativos ou no mundo laboral)

Preténdese que sexa unha revista feita de toda a comunidade educativa, elaborada basicamente polo alumnado do centro, implicando a familias, persoal non docente, o resto do profesorado, ex-alumnos. Desta maneira, ademais dos traballos dos membros do equipo, aparecen colaboracións de todos, que os propios alumnos do ENDL se encargan de pedir.

### **Obxectivos:**

- Ter un órgano de expresión do centro integramente redactado en galego.
- Promover o uso do galego nos textos escritos, tanto no ámbito creativo coma ensaístico.
- Darlle ó alumnado (tamén a profesorado e pais) a posibilidade de publicaren os seus traballos de creación ou investigación en galego.
- Achegar ó alumnado cara á elaboración de materiais impresos.
- Ofrecerlles ós membros do ENDL a capacidade de organizaren e decidiren a revista do centro intervindo directamente na dirección e redacción da mesma.
- Ensinar os alumnos a establecer comunicacións vía correo electrónico, teléfono ou fax cos colaboradores da revista.

### **Destinatarios:**

- Toda a comunidade escolar: alumnado, profesorado, persoal de administración e servizos, familias, ex-alumnos.
- Resto de habitantes do concello
- Centros educativos do contorno.

### **Colaboración:**

- Profesorado dos diferentes departamentos didácticos (linguas, francés, filosofía, música, física, matemáticas, historia...) que non forman parte do ENDL
- ANPA
- Familias
- Ex-alumnos e persoeiros do concello e do contorno

**Temporización:** Todo o curso 2008-2009

**Orzamento:** 0 €

## **2. BLOG DO ENDL: O CASTELO DA LÚA**

### **(Reestruturación con novas seccións)**

**Descrición:** O curso pasado creamos no ENDL o noso blog dentro da plataforma “blogoteca”: [www.blogoteca.com/ocastelodalua](http://www.blogoteca.com/ocastelodalua). Comezamos a enchelo de contidos antes de que tivésemos lista a revista dixital “Bico da Ría”, o que provocou que se nos cruzaran moitos dos contidos.

Dado que quedaron moi ben definidos os apartados da revista o curso pasado e –nun principio– imos seguir cos mesmos, decidimos **redefinir os contidos** do blog para o presente curso e **crear seccións novas**. Para isto pasamos cada un dos artigos do ano pasado a unha sección denominada “Curso 2007-2008”, creando só cinco epígrafes, das cales tres están destinadas a **implicar directamente as familias**:

- 1- “Da xouba á sardiña: a nosa cociña”: Sección destinada a que as familias envíen receitas típicas da zona e que, preferentemente, teñan como ingrediente os produtos típicos de Rianxo (nomeadamente a xouba e a sardiña).
- 2- “Cousas”: Como homenaxe ás *Cousas* de Castelao, obra que moitos veciños do grande autor non coñecen, organizamos este espazo coa intención de alumnado recollese nas casas fotos antigas ou ben fose sacarlle fotos a parte do seu patrimonio (hórreos, cruceiros, fontes, petos das ánimas...) e a partir das imaxes elaborasen un breve texto sobre eles. A tipoloxía do texto pode variar desde literario a expositivo ou argumentativo. Vaise realizar en colaboración co departamento de xeografía e historia.
- 3- “Ollada crítica”. Esta sección vai estar destinada a recoller textos do alumnado criticando aspectos do seu contorno máis próximo, cos que non estaban de acordo.

As outras dúas están destinadas a cubrir basicamente polos membros da ENDL e polo conxunto do alumnado do centro:

- 4- “Falando de lingua”: onde se recompilarán todas as noticias de carácter lingüístico, nomeadamente as que se refiran ó galego
- 5- “O mundo do ensino”, destinada a recoller noticias sobre o ámbito educativo, preferentemente darase conta de tódalas novas que teñan que ver cos centros de ensino da comarca, pero recolleranse tamén outras de centros de ensino de toda Galicia.

O sistema de funcionamento do blog é o seguinte: O alumnado elabora textos para cada unha das seccións, ou ben os recolle das familias, profesorado... Pásanselle a corrixir a algún membro do profesorado ou do alumnado de 2º de Bach. que se encarga do blog, e estes son quen os cargan. Só hai catro alumnas que saben a clave para introducir contidos ademais de tódolos membros do profesorado. Obviamente non se lles pode dar a clave a todos, pero tampouco poderían escribir

os textos no blog aínda que lle abrimos nós a páxina porque non temos medios materiais, nin espazo, nin tempo (trátase da mesma problemática que temos coa revista). Son tamén os alumnos os que se encargan de cargar vídeos en youtube e facer os enlaces pertinentes, cando é necesario. A ANPA quedou de colaborar periodicamente connosco enviando textos, ideas para elaboralos e participando na dinamización do mesmo realizando comentarios.

**Obxectivos:**

- Fomentar o uso e o coñecemento das TIC entre toda a comunidade educativa.
- Fomentar o uso do galego nas TIC entre toda a comunidade educativa.
- Achegar a comunidade educativa ó ámbito da normalización lingüística.
- Motivar o alumnado no traballo do ENDL.
- Crear un espazo común na rede para intercambio de novas dos centros do contorno.
- Implicar as familias nas actividades do ENDL.

**Destinatarios:** En principio toda a comunidade escolar con acceso a internet, pero –coma calquera produto que se colga na rede- é susceptible de interesar a todo aquel usuario que estea atraído polos contidos.

**Colaboracións:**

- Departamentos de lingua galega e literatura; lingua castelá e literatura; xeografía e historia.
- ANPA
- Familias

**Temporización:** Todo o curso

**Orzamento:** 70 € que se empregarán en tinta para a impresora, debido a que temos que estar imprimindo os textos, tanto da revista coma do blog, debido ó sistema de traballo que temos e que quedou descrito arriba.

### **3. PROXECTO: NO MEU MAR, NA MIÑA LINGUA II**

**Descrición:**

Este curso imos desenvolver a 2ª parte do proxecto *No meu mar, na miña lingua* que comezamos o ano pasado, xa con carácter plurianual. Ten como obxectivos principais recuperar léxico tradicional ligado ás embarcacións, así como normativizar e normalizar o uso do galego nos deportes relacionados co mar. O curso pasado abordamos a vela e o remo e este ano ímonos dedicar ó piragüismo. Tamén o curso pasado comezamos a recoller o léxico das embarcacións tradicionais (gamela, racú e xeiteira) e este curso imos dedicarnos ó barco da batea.

### Actividades a realizar:

- **Estudo terminolóxico**

**Descrición:** De xeito similar ó que fixemos o curso pasado, imos realizar unha investigación terminolóxica coa finalidade de elaborar unhas láminas (poden verse no anexo 3 as do curso pasado) e uns vocabularios (estes descritos no punto 2). Os dous campos temáticos que imos abordar este ano son: o piragüismo (diferenciando dúas embarcacións: canoa (C1 e C2) e *kaiak* (K1, K2 e K4) e a pesca de mexillón a través das bateas. O procedemento que se vai levar adiante en cada un dos casos é o seguinte:

- Baleirar textos especializados onde se recolla toda a terminoloxía do campo a traballar, tanto en castelán, coma o que poidamos atopar en galego.
- Preparar os cuestionarios e realizar as entrevistas entre os usuarios e coñecedores dos sectores implicados
- Desenvolver o estudo de cada termo, comprobando a súa existencia no VOLG e nos dicionarios, tratando de darlle solucións ás formas que aínda non foron sancionadas.
- Redactar as definicións de cada palabra e completar coas correspondencias dos termos noutras linguas.
- Seleccionar os termos que se colocarán na lámina.

Por último, deseñaranse as láminas ás que se lles colocarán os termos analizados mostrando cada unha das partes.

Todo o traballo vai ser levado a cabo polo profesorado e o alumnado do ENDL, menos o deseño das láminas, das que se encargará o profesor de plástica.

- **Elaboración de vocabularios (dixital e papel)**

**Descrición:** O ano pasado, debido ós problemas que tivemos para poñer en marcha a páxina web do ENDL –na que tiñamos pensado colgar os materiais- deseñamos os vocabularios en excell, pasámoslos a pdf e logo colgámoslos na rede dentro da nosa revista. Este curso temos especial interese en elaboralos en **formato dixital**, tanto os do curso pasado, coma os que saquemos este ano. A idea é realizar unha montaxe que permita pinchar en cada termo e que saia a definición e maila foto e/ou debuxo exacto da parte da embarcación a que se corresponde. Tamén pretendemos colocar as láminas dentro dos dicionarios e establecer un enlace entre o termo sinalado na lámina e este dicionario.

A presentación vai ser tanto en **soporte CD** como directamente colgado na **rede**. Para que a difusión sexa maior, gravaremos toda a información nun CD que se distribuirá – fundamentalmente- entre aquelas persoas que non teñan acceso a internet. Tamén imos

colgar estes materiais na rede, para o que pensamos crear un enlace dentro do que será a páxina web do ENDL, descrita na páxina 31, que se non conseguimos que funcione, buscaremos outra alternativa.

Tamén imos editar os **vocabularios en papel**, maquetando os do curso pasado (termos da embarcación tradicional, termos da embarcación a remo, termos da embarcación a vela, termos da navegación a vela e a remo) xunto cos que saquemos este ano do piragüismo e da embarcación das bateas e da xeiteira. Todos eles teñen definicións e os correspondentes en castelán, portugués e francés.

- **Curtametraxes**

**Descrición:** Pensamos na elaboración de tres curtametraxes para complementar as actividades do proxecto. As temáticas que imos abordar van ser:

- a- A carpintería de ribeira. Dado que só quedan un par delas en toda a comarca do Barbanza, queremos aproveitar a gravar os procesos de elaboración das embarcacións e indicar a súa terminoloxía específica.
- b- As artes de pesca tradicionais de Rianxo. Centrarémonos na pesca da xouba “ó xeito” (na embarcación tradicional “A Xeiteira”) e mais no cultivo e extracción do mexillón na batea.
- c- Os deportes náuticos. Consideramos de interese que o alumnado que participa nas escolas deportivas faga unha gravación sobre os deportes que practica, explicando as partes das embarcacións e as principais manobras que realizan, dando os nomes correctos en galego.

Para desenvolver esta actividade cun mínimo de calidade necesitamos asistir a un curso para realizar as gravacións. Para isto constituímonos como Grupo de traballo para que o CEFORE nos pagase a formación.

Unha vez feitas as curtametraxes, ademais de térmolas en formato DVD colgarémolas na nosa páxina web, se este curso vai adiante, ou ben no enlace materiais da nosa revista dixital. Tentaremos facer un enlace tamén desde os vocabularios en formato dixital que explicamos no punto anterior.

- **Presentación do proxecto.**

**Descrición:** Consideramos fundamental darlle publicidade ó trabalo realizado mediante unha presentación pública dos materiais editados dentro do proxecto. Esta sería a final de curso porque, aínda que pretendemos que durante o curso toda a comunidade educativa estea informada dos pasos que vaiamos dando e mais que participen na maior medida posible, é importante que se presenten todos os materiais realizados nun acto público ó que tentaremos que

asistan algunhas autoridades e persoeiros destacados do ámbito. Imos tentar que acudan representantes da administración, así como deportistas famosos dos ámbitos estudados para que sirvan de impulsores e difusores do noso traballo.

**Obxectivos:**

- Normativizar terminoloxía dos deportes náuticos
- Recuperar terminoloxía relacionada coas embarcacións e actividades mariñeiras tradicionais: bateas e técnicas de pesca tradicionais: sobre todo da xouba.
- Familiarizar a alumnado e profesorado co traballo terminolóxico.
- Difundir o traballo terminolóxico
- Fomentar a interdisciplinabilidade ó tentar aproveitar e difundir o traballo nas diferentes áreas.
- Implicar á comunidade educativa e outras entidades externas neste proxecto
- Poñer en relación o alumnado coas persoas doutras xeracións
- Fomentar o traballo en equipo entre o alumnado
- Traballar de forma activa e participativas as competencias oral e escrita
- Valorar o léxico tradicional mariñeiro e eliminar prexuízos arredor da lingua propia.
- Crear conciencia entre a poboación rianxeira da importancia do patrimonio oral
- Facer reflexionar á comunidade educativa sobre os usos do rexistro formal.

**Destinatarios:** toda a comunidade educativa do IES, veciños da comarca, escolas deportivas do noso concello e doutros, Federacións deportivas<sup>1</sup>, concellos da comarca, centros educativos de concellos mariñeiros.

**Temporización:** Todo o curso

**Colaboracións:**

- Externas ó centro: carpinteiros de ribeira, Escolas deportivas do concello de Rianxo; mariñeiros do concello, Asociación de mexilloeiros e de bateeiros; CEFORE; Concello de Rianxo: Aula activa do mar e Museo do mar de Rianxo.

- Departamentos didácticos: dpto de plástica, dpto de educación física, dpto de música, dpto de francés, dpto de inglés, dpto de matemáticas, dpto de lingua galega, dpto de lingua castelá, dpto de ciencias naturais, dpto de orientación.

Dirección do centro, ANPA e familias

**Orzamento:** 3000 € (2000 recibímolos do Premio de innovación que presentamos o proxecto)

---

<sup>1</sup> O curso pasado a Federación de vela mostrouse moi interesada no noso traballo pedíndonos un número moi importante de carteis para distribuír entre os seus asociados. Este curso tamén nos imos poñer en contacto coas demais federacións para que distribúan os materiais.

## 4. CLUB DE LECTURA

### Descrición:

O curso pasado comezamos co Club de lectura do ENDL, ó que lle demos o nome de **Ex Libris**. Durante os nosos primeiros meses de vida organizamos xa varios grupos nos que se implicaron case un cento de alumnos e alumnas e realizáronse un número de lecturas considerables (vid. Memoria do curso 2007-2008). Durante este curso o desenvolvemento vai ser similar e imos organizar as seguintes actividades:

- **Grupos de lectura**

Presentarase a actividade por tódalas aulas e animarase ó alumnado a participar nos diferentes grupos de lectura. O alumnado é o que se xunta en grupos onde se combina a pertenza ó grupo-aula coa pertenza ó grupo de amizades. Escollen eles ó profesor co que queren formar o grupo e deciden a obra a ler. Tamén forman parte dos grupos os membros do persoal de administración e servizos. O ano pasado convidouse os pais por correo postal pero non se animaron a participar, este ano imos volver convidalos esperando ter máis éxito.

Dado que moitos grupos dos que se crearon o ano pasado xa se comprometeron para continuar este curso, xa temos unha selección de obras que se realizou a finais do curso pasado por parte dos membros e coordinadores de cada grupo de lectura. Tentouse que houbera libros para tódalas idades e de xéneros diferentes, xa que o curso pasado case só nos cinximos á novela. Abriuse o abano para introducir desde poesía ata ensaio pasando por novela e teatro. As obras escollidas van desde orixinais ata traducións ó galego e engloban libros para tódalas idades e tódolos gustos. Trátase de:

Agatha Christie: *Asasinato no Orient Express*

Núñez Singala: *O achado do castro*

Neira Vilas: *O cabaliño de buxo*

Jack London: *Unha odisea nórdica*

Suso de Toro: *Bala perdida*

Safo: *Cantos e fragmentos*

Mark Haddon: *Estraño incidente do can a medianoite*

Manuel María: *Os soños na gaiola*

Lovecraft: *Relatos de terror*

Sechu Sende: *Made in Galiza*

Para que a actividade do club sexa o máis atractiva posible para o alumnado e se converta nun acto motivador para todos, seguiremos coa dinámica do curso pasado de converter as reunións do grupo nunha actividade lúdica e de convivencia entre alumnado, profesorado, pais e persoal non docente, celebrándose normalmente os luns ó medio día arredor dun xantar.

- **Creación do blog Ex-libris**

O curso pasado creamos unha sección do club de lectura dentro do noso blog *O castelo da lúa*, pero esta sección ocupaba moitísimo máis espazo có resto, polo que decidimos que temos que crear un propio exclusivo para o club.

Os membros dos grupos distribuirán a actividade para incluír no blog do club de lectura: buscar información sobre o autor, facer unha reseña da obra, escribir o primeiro comentario animando a que o resto dos compañeiros que escriban os seus no espazo correspondente do blog. Para que se consiga unha dinámica de actuación, vaise seguir o mesmo procedemento con tódalas obras: cando se convoque a primeira reunión do club de lectura haberá que fixar os prazos e nomear un encargado para cubrir a ficha en papel.

- **Visita a bibliotecas**

Ademais de organizar unha visita guiada pola biblioteca do centro, grande descoñecida para moitos, onde se lles explique cal e funcionamento da mesma, vaise organizar unha visita ás bibliotecas de Santiago: Biblioteca Xeral da USC, Biblioteca Anxel Casal e Biblioteca da Facultade de historia. Os destinatarios serán todos os membros do club de lectura.

- **Charlas-coloquio**

### **Sechu Sende fala da súa obra e da súa lingua**

Dado que un dos libros de lectura é *Made in Galiza* de Sechu Sende, e dado que esta obra tamén está no programa de lingua galega e literatura para 4º ESO e para 2º Bach. convidamos o autor para o acudir ó centro para lles falar ós rapaces da obra e para permitirlles que lle fagan preguntas sobre ela. Posto que Sechu é moi bo comunicador e que a temática do libro xira arredor da nosa problemática sociolingüística, aproveitarase a actividade para eliminar prexuízos entre o noso alumnado. Tentaremos que o gasto do conferenciante corra a cargo da editorial Galaxia.

### **Literatura galega en literatura en galego: situación actual e perspectivas de futuro**

Como acto de remate do Club de lectura neste curso gustaríanos que o alumnado organizase unha charla-coloquio sobre a situación da literatura na nosa lingua convidando a algún crítico especialista, a algún escritor e/ou a membros da Asociación de escritores en lingua galega. De

ser posible tamén nos gustaría traer a algún outro autor, coma Neira Vilas, autor que tamén vai ser lido.

**Obxectivos:**

- Animar á lectura, especialmente en lingua galega
- Crear interese polas obras escritas en galego, eliminando prexuízos existentes ó respecto.
- Demostrar que o galego serve para achegar á literatura universal.
- Dinamizar o feito da lectura con outras actividades.
- Favorecer o uso da biblioteca, tanto a do centro coma a municipal.
- Dar a coñecer as máis importantes bibliotecas da cidade máis próxima
- Fomentar espírito crítico a partir da lectura
- Axudar á xuventude a definir criterios para determinar as súas escollas perante unha abundante oferta.
- Fomentar nos mozos e mozas espírito crítico a partir da lectura.
- Axudar a cada alumno/a a atopar o « seu » libro: o que lle falará, lle chegará e o/a fará entrar no mundo da lectura.
- Favorecer o encontro entre os lectores « fráxiles » e os libros.
- Darlle a oportunidade excepcional a profesores/as e a alumnos/as de interactuar e participar nunha discusión literaria, dando, defendendo e respectando os diferentes puntos de vista.

**Temporización:** Todo o curso. Comézanse as lecturas en outubro e cada trimestre realizaranse dúas reunións de cada un dos grupos.

**Destinatarios:** Toda a comunidade educativa (alumnado, profesorado, pais e nais, persoal de administración e servizos).

**Colaboracións:**

Profesorado do centro alleo ó ENDL: M. J. Villaverde (Matemáticas); Ana Rivas (Grego); Amalia Seoane (Latín); J. Carril (Lg castelá); Aurora Lijó (Relixión); Antón Nieto (Filosofía)<sup>2</sup>

Biblioteca do centro

Biblioteca do concello<sup>3</sup>

ANPA

**Orzamento:** 100 € aprox. para comprar libros<sup>4</sup>; 300 para a saída; 400 para a charla-coloquio.

---

<sup>2</sup> Dado que acaba de chegar bastante profesorado novo ó centro aínda non sabemos cal vai ser a súa dispoñibilidade. Buscaremos colaboracións entre eles e esperamos encontrar algunha.

<sup>3</sup> O curso pasado frutificou unha colaboración entre a biblioteca do concello e o noso club que esperamos renovar este curso.

<sup>4</sup> Non sabemos se poderemos optar a subvención do Club de lectura coma o curso pasado ou non. Tentaremos tirar dos fondos en galego adquiridos o curso pasado e tentar asumir o resto das compras co orzamento da biblioteca.

## 5. CAMPAÑA NO ÁMBITO ECONÓMICO

No curso 2006-2007 comezamos unha campaña de dinamización de cara á fóra do IES, coa intención de actuar no ámbito empresarial do noso contorno. Tivo continuidade o curso pasado e queremos seguir con actuacións nese ámbito durante este curso. As actividades que temos pensado desenvolver son de tipoloxía diferente e van desde as que son continuación ou repetición dalgunhas do curso anterior (unhas feitas e outras que non se puideron facer o ano pasado por falta de tempo ou diñeiro) ata outras que son novas.

### Obxectivos:

- Dinamizar a lingua galega no ámbito empresarial.
- Eliminar prexuizos en torno á lingua propia da comarca.
- Conseguir que o alumnado adquira conciencia da lingua propia e que se poida converter en axente normalizador no exterior.
- Achegar o alumnado a un ámbito diferente ó escolar.
- Convencer o alumnado que o galego serve para traballar dentro da empresa en Galicia.
- Conseguir que o alumnado galegófono elimine prexuizos.
- Ofrecer estratexias para que poidan desenvolver o seu traballo en galego nas empresas onde predomina o castelán.
- Crear conciencia lingüística en torno ós produtos e empresas que fan uso do galego.
- Fomentar o uso do galego na publicidade.
- Axudar a normalizar o galego fóra do centro e sobre todo no ámbito económico.
- Premiar o esforzo normalizador das empresas galegas.

- **Premio Castelao á mellor campaña publicitaria en galego.**

**Descrición:** Esta actividade comezouse o curso pasado pero non se puido rematar. Así que este ano imos tentar levala adiante corrixindo os problemas do curso pasado.

Por unha banda, imos tentar desenvolver a mesma dinámica do curso anterior que consistía en que o alumnado cubrixe nunha ficha os usos lingüísticos da publicidade escrita que poidan conseguir de tódalas empresas instaladas na comarca do Barbanza e no radio de actuación dos habitantes do concello (Padrón, Santiago, Vilagarcía...). A idea é que aquelas firmas que usen o galego, aínda que só sexa en parte, entren nun listado que se distribuiría entre tódolos membros do ENDL para que lles fixesen un seguimento e finalmente escoller unha para darlle o *Premio Castelao á mellor campaña publicitaria en galego da comarca* que consistirá nunha figura de Castelao de Sargadelos.

Por outra banda, pensamos que sería interesante ampliar este premio á publicidade que sae na televisión e na radio e dar o *Premio Castelao á mellor campaña publicitaria en galego da comunidade*.

O ano pasado o alumnado que se encargou disto foi o de 1º da ESO, quen entendera perfectamente a actividade e víanse capaces de desenvolvela debidamente. Este curso, se volvemos ter bastante alumnado en 1º da ESO tamén se lle encargará xa neste primeiro trimestre, pero desta vez haberá un profesor que faga un seguimento constante con eles durante todo o curso.

**Temporización:** O estudo desenvolverase durante todo o curso (desde outubro a maio). As entregas dos premios faranse na Semana das Letras Galegas.

**Destinatarios:** Empresas

**Colaboracións:** Imos tentar organizar o premio en colaboración coa Asociación Rianxeira de Empresarios e mais coa Asociación de Empresarios do Barbanza.

**Orzamento:** Custo de cada figura: 68€ (136€)

- **Díptico**

**Descrición:** Diseñarase un díptico cun decálogo que xustifique a vantaxe do uso do galego no comercio e na empresa galega, facendo referencia especial a un contexto galegófono como Rianxo. Imos pedir a

**Temporalización:** 2º trimestre

**Destinatarios:** empresas do concello e da comarca

**Colaboracións:** Asociación Rianxeira de Empresarios; Asociación de empresarios do Barbanza; Confederación de empresarios de Galicia.

- **Cartas**

**Descrición:** O curso pasado desenvolveuse o *Observatorio da lingua* no que o alumnado se encargou de realizar un pequeno traballo de investigación mediante a observación co obxectivo de obter un rexistro de empresas e comercios rianxeiros que empregaban só o galego, só o castelán ou as dúas linguas. A partir da listaxe anteriormente citada o curso pasado entregamos uns diplomas a aquelas que estaban galeguizadas.

Para este curso temos pensado redactar cartas en nome do ENDL para enviar ás empresas que manteñan este esforzo normalizador, pero tamén a aquelas que empregaban os dous idiomas, para animalas a aumentar o uso do galego e por último, ás que só empregan o castelán para que se animasen a empregar o galego .

**Temporalización:** 3º trimestre

**Destinatarios:** empresas de Rianxo

**Orzamento:** 5 €

- **Diploma**

O curso pasado entregámoslles o *Diploma Félix Muriel ó uso do galego na empresa* a aquelas firmas que empregaban o galego na súa empresa. Este curso tamén imos editar estes diplomas para as empresas que reaccionen positivamente ó envío das nosas cartas e do noso díptico, nos que os animaremos a empregar o galego.

**Temporalización:** 3º trimestre

**Destinatarios:** empresas de Rianxo

**Colaboracións:** Asociación Rianxeira de Empresarios

**Orzamento:** 20 €

## **6. INTERCAMBIO CULTURAL CON OUTRO ENDL**

**Descrición:** Este curso, igual ca os catro anteriores, desenvolveremos un intercambio con outro IES pertencente a un bloque dialectal diferente e cun patrimonio distinto ó de Rianxo. Pola nosa parte propoñemos que o intercambio sexa dos membros do Equipo de normalización e dinamización lingüística, aínda que pode ser que do centro participante veñan rapaces que non estean nos equipos. Con todo, se neste curso hai un número do alumnado tan elevado coma o ano pasado, seleccionaremos só 50 para que collan nun único autobús e para non converter o intercambio nunha excursión calquera. Estamos pendentes de determinar os criterios de selección.

O intercambio é unha experiencia moi enriquecedora e educativa para os rapaces do equipo pois son eles os que participan activamente na organización de tódalas actividades, que van desde a recepción do alumnado do outro centro ata a lectura de textos dos autores rianxeiros no percorrido pola vila. Este ano (igual ca hai dous) visitaremos os Castros Neixón, mostra da cultura castrexa da comarca. Noutras ocasións organízase a saída ó Parque dunar de Corrubedo. Realizarase un tríptico para tódolos participantes co programa e os textos que se len durante a visita.

O intercambio realízase en dous días, un en cada centro. Necesítase un autobús para mover os rapaces os dous días, nun caso para levalos ata o lugar elixido e no outro para realizar as visitas

dentro do concello de Rianxo (subir ó Pico Muralla, ir ver onde naceu M. Antonio en Asados e visitar o hórreo do Araño) e mais no veciño concello de Boiro, onde están os Castros Neixón.

**Obxectivos:**

- Ofrecerlle ó alumnado do ENDL a oportunidade de compartir experiencias con outros mozos da súa idade.
- Responsabilizar o alumnado do ENDL do traballo do equipo, ó facerse cargo da organización das actividades do intercambio.
- Entrar en contacto con rapaces dunha realidade social, cultural e lingüística diferente.
- Profundizar máis na propia realidade, contorno socioeconómico e cultural debido a que son os membros do ENDL os encargados de explicar as formas de vida do concello, así como de facer o roteiro literario pola vila de Rianxo.

**Destinatarios:** O alumnado do Equipo de Normalización lingüística dos dous centros

**Temporización:** Todo o curso para a preparación, aínda que as viaxes caen no terceiro trimestre.

**Colaboración:** Vicedirección, Concello de Rianxo, Aula activa do mar, Concello de Boiro (Museo Castros Neixón).

**Orzamento:**

- Tríptico (90 exemplares): 100€
- Autobús á localidade do intercambio: 550€ aprox.
- Autobús para o percorrido por Rianxo e Boiro: 250€

Total: 900€

## 7. PARTICIPACIÓN EN COORDINADORAS COMARCAIS

- **Coordinadora Leixaprén de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística**

### **Descrición:**

O ENL do IES Félix Muriel de Rianxo é membro da Coordinadora Leixaprén de Equipos de Normalización Lingüística desde o curso 2001-2002. A devandita coordinadora, constituída en asociación sen ánimo de lucro, está configurada polos ENDL de dez centros de ensino do contorno do Barbanza e ten como obxectivo fundamental outorgar cada curso o **Premio Leixaprén** a un candidato “vivo” (persoa ou institución) pola súa dedicación á normalización do galego.

A organización do premio corre a cargo de un centro distinto cada curso, este ano tócalle por 2ª vez ó IES Poeta Añón de Outes, que foi o primeiro organizador do evento. O alumnado e profesorado do ENDL de cada centro participan activamente nas propostas de elección dunha primeira terna de candidatos e logo na selección final do premiado entre as propostas de tódolos centros. Tamén se realiza unha homenaxe a un persoeiro “morto” do concello organizador do premio, que teña traballado en prol da nosa lingua. Pode verse máis información na web da coordinadora: [www.leixaprén.com](http://www.leixaprén.com).

No noso centro difúndese información sobre o premiado, mediante unha exposición.

### **Obxectivos:**

- Implicar a alumnado e profesorado na reflexión sociolingüística ó teren que propoñer e argumentar os candidatos para o premio.
- Entrar en contacto cos membros doutros ENDL.
- Profundizar, desde o punto de vista sociolingüístico, no contorno socioeconómico e cultural.
- Dar a coñecer ó resto da Comunidade Educativa e a todo o concello, o persoeiro ou institución premiados.

**Destinatarios:** Toda a comunidade educativa e tódolos veciños dos concellos implicados no premio.

**Temporalización:** de outubro (1ª reunión) a maio (entrega do premio)

**Orzamento:** 80 € aprox. é a parte que lle corresponde a cada centro para pagar a copa.

Normalmente corren a cargo do ENDL pois o centro organizador non pode emitir factura.

**Colaboración:** Os centros participantes.

- **Coordinadora Comarcal de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística do Barbanza**

**Descrición:**

O curso pasado conseguimos poñer en funcionamento esta Coordinadora comarcal con grande éxito. Este curso queremos seguir impulsando o seu funcionamento e de ser posible aumentar o número de integrantes. Trala análise sociolingüística levada a cabo o curso pasado, hai un **obxectivo** claro que temos que –entre todos- tentar cubrir: realizar actuacións destinadas a frea-la perda de lingua interxeracional, que empezou antes e por iso está máis estendida nos concellos da Pobra e de Ribeira, pero que está chegando xa a Rianxo, o que ata o momento é o núcleo máis galeguizado. Con todo, tanto nos colexios coma no noso instituto, percibimos un empeoramento da porcentaxe de monolingües en galego e tampouco vemos moito avance nas actitudes cara á lingua, problema fundamental co que nos enfrontamos.

Aínda antes de termos a primeira reunión, supoñemos que continuaremos –polo menos foi o que se decidiu entre os que asistimos á última reunión do mes de maio- con dúas das actividades que realizamos o curso pasado e que naceron con idea continuísta:

**-Organización do II Correlingua na comarca.** Este curso organizaremos a segunda edición do Correlingua na comarca e será nun concello diferente a Ribeira pero aínda sen decidir.

**- Entrega dos Premios Anticiclón e Borrasca** do ano 2009. Entre tódolos centros votaremos tamén a persoas ou institucións que se destaquen polo seu labor a favor ou en contra da lingua galega para concederlles un premio simbólico. A repercusión mediática que pretendemos que teña a concesión do premio é realmente o premio.

Tamén valoramos positivamente a idea **de reactivar o blog:** *O paraugas da lingua*, que ó final tiveramos que pechar por non atoparlle contidos. Na primeira reunión que teñamos o vindeiro día 15 este será un dos temas a tratar.

**Obxectivos:**

- Dinamizar a lingua na comarca do Barbanza
- Organizar actividades conxuntas entre tódolos centros de ensino
- Coordinar esforzos normalizadores
- Compartir experiencias entre os centros participantes
- Demostrar no noso centro que parte das nosas actuacións están respaldadas por unha organización maior
- Achegarnos aos centros de ensino do concello para organizar actividades

- Asinar como coordinadora mensaxes normalizadoras para enviar ó profesorado e ás familias
- Revisar a análise sociolingüística de forma conxunta
- Demostrarlle á poboación da comarca que temos obxectivos comúns
- Sacar á luz o problema lingüístico que existe na comarca

**Temporización:** todo o curso

**Destinatarios:** toda a comunidade educativa e tódolos veciños dos concellos implicados no premio.

**Colaboración:** todos os centros participantes

**Orzamento:** 180€ (para o desprazamento do autobús ó Correlingia)

## **8. Xestión de taboleiros**

**Descrición:** Levamos 7 anos xestionando o taboleiro de normalización e o taboleiro da lingua. O curso pasado fixemos unha proba xa cara á final de curso co que podía ser o taboleiro da lusofonía. Ter un espazo físico que sirva de referencia para todo o que teña que ver coa normalización da lingua e coas actividades do ENDL é algo fundamental para dinamizar a lingua no conxunto do IES. É o propio alumnado do equipo, coordinado por un profesor o encargado de xestionar os taboleiros. Desta maneira, os compañeiros respectan as informacións que alí se poñen e mais mostran interese por elas.

O **Taboleiro de normalización** échese cos avisos para as actividades do equipo e con tódalas novas que queremos transmitir. Alí están desde prazos para entregar artigos para a revista ata a organización dos grupos do club de lectura.

O **Taboleiro da lingua** é un espazo que nun primeiro momento só estaba destinado ás novas recollidas dos xornais que tivesen que ver coa lingua e dinamizábase desde as clases de lingua galega. Nos últimos anos actualizar o taboleiro volvíase unha tarefa moi dificultosa desde o momento en que nos era imposible conseguir os xornais. Pasou entón a completarse con notas sobre actividades normalizadoras doutros centros de ensino e con novidades editoriais. Segundo sexa a xestión da prensa durante este curso, poderásenos facilitar ou non a súa recollida. Con todo vai seguir existindo un espazo para dar a coñecer a autores e obras en lingua galega.

O **Taboleiro da lusofonía** ocuparase das noticias relacionadas con Portugal e os países de fala portuguesa.

**Obxectivos:**

- Implicar o centro na actividade normalizadora
- Proxectar as actividades do ENDL no centro
- Crear espazos de referencia da lingua e literatura galegas no centro
- Informar das actividades normalizadoras doutros centros ou institucións
- Dar a coñecer as novidades editoriais en lingua galega
- Abrir as marxes comunicativas do galego cara á lusofonía
- Eliminar prexuízos enquistados na poboación en torno ó galego

**Destinatarios:** Toda a comunidade educativa.

**Temporización:** Todo o curso

**Colaboración:** Persoal de administración e servizos; Vicedirección

**Orzamento:** 60 € para os materiais dos taboleiros (chatolas, rotuladores, cartolinas, tinta, cores)

## **PROXECTOS NOVOS**

### **1. NORMALIZACIÓN E INTERNET**

- **Xornada de presentación: Internet na escola**

**Descrición:** Consideramos importante que se dean a coñecer os nosos produtos na rede para implicar maiormente a todo o alumnado, familias e persoal non docente. Para isto pensamos que o mellor sería organizar unha presentación tanto para alumnado coma para pais.

A idea é realizar sesións de presentación práctica da nosa revista dixital e do noso blog en diferentes quendas que acollan a todo o alumnado durante o horario lectivo e as familias en horario non lectivo. O obxectivo non é só familiarizalos cos enderezos (para iso xa temos uns adhesivos que lles repartimos o curso pasado), se non máis ben achegalos á súa elaboración, animándoos a participar e demostrándolles cal é funcionamento. Presentaranse, tanto a revista coma o blog, coas súas estruturas, seccións, organización e incidirase sobre todo nas formas de colaborar a través dunha sesión práctica na aula de informática.

A presentación para o alumnado tentarase facer coincidir con horas de titoría e desenvolveraa algún profesor do equipo, xunto con alumnado que tamén pertenza ó ENDL. Considerámola fundamental para o alumnado de 1º da ESO, pero tamén para o resto, posto que –aínda que o curso pasado se informou polas aulas destas actuacións- houbo alumnado que nunca chegou a entrar nas páxinas. Este curso queremos implicar ó maior número de mozos e mozas nas actividades e, ademais de dar a coñecer o esforzo do resto do alumnado do ENDL, pretendemos

que eles experimenten nesta sesión a forma de traballar na rede. Convidarase a todo o profesorado para que asista na quenda que mellor lle conveña.

Para os pais pensamos nun primeiro momento aproveitar a asistencia á reunión de titores que se organiza a principios de curso, pero desbotámola porque cada titor acaba a unha hora diferente e podería ser contraproducente. Polo tanto, organizaremos –en colaboración coa ANPA- unha presentación un día diferente, facendo coincidir –de ser posible- cunha reunión desta asociación. A esta reunión serán convidados tamén os membros do persoal de administración e servizos.

**Obxectivos:**

- Dar a coñecer a revista dixital e o blog do ENDL.
- Explicar o seu funcionamento.
- Animar a participar a alumnado, profesorado, persoal non docente e pais na súa elaboración
- Demostrar a toda a comunidade que o traballo do ENDL é un traballo de todos
- Favorecer o achegamento ó ENDL a tódolos membros interesados

**Destinatarios:** Alumnado do centro, profesorado, persoal non docente e pais do alumnado.

**Colaboración:** ANPA, vicedirección, titores

**Temporalización:** primeiros 15 días de outubro

**Orzamento:** 0€

- **Creación da páxina WEB do ENDL**

**Descrición:** No curso 2007-2008 e dende o Departamento de Normalización e Dinamización Lingüística solicitouse á Consellería o permiso e a clave para a creación dunha páxina web específica co modelo de webs dinámicas que eles ofertan. Ante a imposibilidade de levala adiante de forma única para o noso Departamento, pospuxémola ata o presente curso académico.

Pretendemos que o noso instituto active unha páxina web na que aparezan iconas de entrada para todos os departamentos e estamentos que queiran empregar esta canle de información. Alí colocaremos unha icona moi rechamante que sirva de entrada para o Departamento de Normalización e Dinamización Lingüística. A través desta icona entraremos nunha páxina na que aparecerán todas e cada unha das actividades de forma individual e coa súa icona correspondente. De non ir adiante a páxina do centro, optaremos por comprar un dominio propio para a nosa páxina. Tería a mesma estrutura, xa que na primeira páxina de presentación estarían as iconas que levarían ás diferentes actividades ou actuacións. Estas serán:

- A revista dixital BICO DA RÍA: A revista publicou o seo nº 0 no curso 2007-2008. Este ano ábrese unha nova, como explicamos arriba. Desde esta páxina poderíamos acceder,

mediante un enlace, á actual, que se atopa nun enderezo específico (www.bicodaria.com ou www.bicodaria.org) coma ó arquivo onde se atoparán os números anteriores.

- O Blog O CASTELO DA LÚA: Haberá un enlace para este blog, que tamén naceu no curso pasado e tamén ten o seu enderezo (www.blogoteca.com/ocastelodalua). Fronte á revista, o funcionamento do blog non permite ter un arquivo histórico, polo tanto só haberá un enlace ó enderezo en activo.
- O Club de Lectura “EX LIBRIS”: Haberá unha entrada para o blog específico que creemos este curso.
- O proxecto NO MEU MAR, NA MIÑA LINGUA: Colgaremos os materiais do proxecto tanto deste curso, coma os xa sacados o curso pasado. Por unha banda están aqueles materiais que son resultado do traballo investigador (vocabularios, láminas, curtametraxes), pero tamén son de interese as enquisas elaboradas para pasar entre os especialistas, as fotografías tiradas para a investigación, outras fotografías que recollan momentos de traballo dos membros do equipo, etc.
- Os INTERCAMBIOS. Neste apartado colgaremos as fotos e os trípticos cos programas dos intercambios dos diferentes cursos, dado que é unha actividade da que o alumnado gusta moito de recordar e revisar.
- As CAMPAÑAS DE NORMALIZACIÓN NAS EMPRESAS: Colgaremos, ademais dos materiais editados, un resumo do que foi este proxecto. Faremos enlaces cos medios de comunicación dixitais que cubriron a información e teremos un apartado de imaxes, onde se recollan fotografías das tendas onde están postos os carteis, da entrega de diplomas...
- MATERIAIS. Este apartado está destinado a colgar o resto de materiais que fomos editando dentro do departamento e que non entran en ningún dos apartados anteriores.

### **Obxectivos:**

- Contar cunha plataforma de presentación do ENDL na rede
- Mostrar o traballo do ENDL e deixalo a disposición de quen quixese facer uso del
- Ofrecerlle a toda a comunidade un lugar de referencia do ENDL da rede onde poidan localizar facilmente calquera material.
- Ligar a normalización lingüística coas novas tecnoloxías

**Destinatarios:** Toda a comunidade educativa (alumnado, profesorado, persoal non docente e familias), veciños, membros de ENDL doutros centros, estudantes e profesorado doutros centros.

**Temporalización:** todo o curso.

**Colaboración:** dirección do centro.

**Orzamento:** 175€ aprox. para a compra do dominio, se non conseguimos que o centro este curso tampouco bote a andar a páxina do IES dentro de webs dinámicas<sup>5</sup>.

## **2. LETRAS GALEGAS 2009. HOMENAXE A RAMÓN PIÑEIRO**

**Descrición:** Xa é tradicional no noso IES a homenaxe ó persoeiro ó que se lle dedican as letras galegas, con algunhas actuacións que se repiten ano tras ano, coma o pegado de textos nas portas das aulas, a exposición sobre a súa vida e obra na entrada do IES, conferencias, etc. Este curso, seguiremos na liña dos anteriores pero con variacións derivadas, por un banda da avaliación das actuacións do ano pasado e, pola outra das características do propio personaxe.

**Actuacións:**

- **Exposición sobre o homenaxeado**

Organizaremos unha exposición xenérica que repase os principais momentos da vida e obra do autor a partir do traballo que o alumnado do ENDL fai nos recreos. Iremos enchendo un taboleiro que se colocará en xaneiro na entrada principal do edificio central, onde permanecerá ata o mes de xuño. Nel vaise ir expoñendo a información que se irá elaborando no local do ENDL e que tentará ser sempre bastante visual e de fácil lectura. En colaboración co departamento de plástica farase a tamaño de 1X2 metros unha reprodución da imaxe do autor que se colgará tamén a primeira semana de xaneiro no corredor central dos dous edificios do IES.

A exposición bibliográfica farase no moble expositor que se empregou o curso pasado para mostrar a bibliografía de Castelao e que quedou colocado no corredor da entrada principal. Tentaremos difundir cada semana un fragmento da parte galega da obra cuadrilingüe: *Lembrando a Castelao*, para crear máis interese entre os veciños do rianxeiro sobre o homenaxeado.

**Temporización:** todo o curso

**Orzamento:** 10 € para materiais

**Destinatarios:** toda a comunidade educativa

**Colaboración:** Dpto de plástica, vicedirección

---

<sup>5</sup> Calculamos o orzamento segundo o prezo do dominio da revista, pero quizais fose máis elevado porque ocuparíamos máis espazo.

- **Piñeiro e o ensaio filosófico galego: Libro viaxeiro**

Desde o ENDL pedíuselle ó profesorado de 1º de Bacharelato, tanto de lingua galega coma de filosofía, que colaborasen connosco nunha actividade que pretendemos realizar para difundir a importancia, tanto de R. Piñeiro, coma dos homes da súa xeración, sobre a creación do ensaio filosófico galego.

Por unha banda realizarase un estudo sobre a tradución que R. Piñeiro fixo de Heidegger.

No 1º trimestre o alumnado vai revisar unha selección do texto desde o punto de vista lingüístico, pasándoo a galego normativo. A selección farana nas aulas de filosofía, onde farán un estudo desde o punto de vista filosófico. Tamén se fará unha pequena análise dunha selección de textos do volume da autoría do homenaxeado: *Filosofía da saudade*.

No 2º trimestre escollerán unha serie de fragmentos de entre os estudados de ámbalas dúas obras, ós que lles engadirán unha breve explicación sobre o seu significado. Estes introduciranos cunha presentación sobre Ramón Piñeiro, o achegamento ó ensaio da xeración de Galaxia. Tamén se presentará unha breve explicación sobre a atracción de Piñeiro por Heidegger. A devandita información formará as primeiras páxinas de varios **libros viaxeiros** que se farán rotar entre o profesorado, persoal non docente e pais para que escriban neles a partir de fragmentos do autor seleccionados polo alumnado que teñan como tema a saudade. En principio imos presentar a actividade coa posibilidade de asignar as colaboracións ou de deixalas anónimas.

Cabe a posibilidade de que, se a iniciativa funciona, se escolla un deles para editar.

**Temporización:** todo o curso

**Orzamento:** 6 € para encadernar os libros

**Destinatarios:** toda a comunidade educativa

**Colaboración:** Dpto de plástica, Dpto de filosofía, Dpto de lingua galega e literatura, vicedirección

- **Concurso de lectura en alto:**

**Descrición:** Organizaremos o **II Concurso de lectura en voz alta** aberto a todo o alumnado do centro con textos do homenaxeado. O ano pasado, na primeira convocatoria que se realizou, xurdindo a idea a mediados de curso, houbo unha grande concorrencia tanto de participantes coma de público. Esperemos que este ano se repita. Tentaremos conseguir outro local para realizar a lectura, xa que o salón de actos ten moi mala acústica. O xurado formaranos membros da dirección do centro e algúns profesores pertencentes e non pertencentes ó ENDL. Desenvolverase nos recreos da semana das letras galegas, se non hai máis candidatos có ano pasado, de haber máis haberá que dispoñer de máis días.

Os textos que van ler pertencen á obra *A lingoaxe i as linguas* e imos escoller as partes que tratan sobre os prexuízos existentes arredor do galego, moitos deles próximos ós do noso alumnado e o seu contorno. O ano pasado non sabían que texto ían ler. Este ano pensamos pasarlles copias de parte desta obra indicándolles que lles tocará ler un parágrafo calquera deses. Esperamos que a base de repetiren os textos, ensaialos e reproducilos, de paso lles quede clara a idea que quería transmitir o autor.

O curso pasado organizamos dúas modalidades para o premio: unha para o 1º ciclo da ESO e outra para o 2º ciclo e bacharelato. A sorpresa foi que recibiron o premio dous alumnos de 2º da ESO, xa que quedou deserto o do 2º ciclo, polo tanto este curso convocarase un único premio para todo o centro, e o xurado terá en conta o curso do que procede o alumno. O premio está pendente de que o acorden os membros do alumnado do ENDL coma outros anos.

**Temporización:** 3º trimestre (maio)

**Orzamento:** 60 €

**Destinatarios:** alumnado

**Colaboración:** Dirección do centro e profesorado voluntario externo ó ENDL

- **Conferencia e actuación**

Tódolos anos traemos ó centro algún estudoso do homenaxeado o Día das Letras Galegas para falar sobre el. Neste momento non temos a ningún candidato aínda confirmado, pero estamos buscando a alguén que sexa didáctico. Tampouco conseguimos saber se Serafín Marcos realizará a actuación sobre o homenaxeado este ano. De facela, e de termos diñeiro, tamén nos gustaría traela debido ó éxito que esta actividade ten entre o alumnado, xa que mostra -de forma moi divertida- unha panorámica sobre a vida e obra do autor.

**Colaboración:** Departamento de filosofía, Departamento de lingua galega, Dirección do centro

**Temporalización:** 3º trimestre (maio)

**Destinatarios:** profesorado e alumnado

**Orzamento:** 500€

**Obxectivos xerais** que se pretenden cubrir co conxunto das actividades das Letras:

- Dar a coñecer a figura do homenaxeado
- Difundir a obra de Ramón Piñeiro entre toda a comunidade
- Eliminar prexuízos tradicionais sobre a lingua galega
- Ligar a literatura e oralidade
- Poñer en valor o rexistro culto do galego

- Eliminar prexuízos sobre a literatura galega
- Valorar o ensaio en lingua galega
- Eliminar prexuízos sobre as posibilidades do galego para expresar cuestións filosóficas
- Dinamizar a festividade das letras galegas
- Implicar a toda a comunidade educativa nas actividades das Letras galegas.

### 3. O GALEGO E O CINEMA

#### Descrición:

Un dos grandes atrancos para a normalización das linguas minoritarias e minorizadas coma a nosa é a imposibilidade de conseguir cinema en galego que encha os momentos de ocio de todos, pero sobre todo da poboación en idade escolar e para máis nun contexto rural coma o noso. O principal problema é a falta de oferta existente de cinema en galego, pero isto empeora en contextos coma o noso.

O alumnado de 1º e 2º da ESO do noso IES participa no programa de Cine-Ensino e traballan as películas en galego nas titorías, pero a partir de aí, a oportunidade de asistir a salas de cinema para ver películas redúcese moito, pero para velas en galego redúcese moito máis.

Desde vicedirección ideouse a organizar unha aula de cinema para os venres pola tarde. O visionado de filmes estaría destinado a pais e alumnado. O ENDL participa nesta actividade ofrecendo unha selección de películas en galego para que sexan incluídas entre o público asistente. Ademais elaborará en galego unha ficha técnica da película coa pertinente sinopse.

Por outra banda o alumnado e profesorado do ENDL vai traducir e/ou corrixir a devandita ficha para entregar ós espectadores. Os debates que se producirán ó final da película serán en galego, aínda que a película estivese en castelán.

Cada trimestre vaise escoller un dos filmes de máis éxito entre alumnado e pais que non estivese en lingua galega para **realizar a dobraxe** dalgunha secuencia. O alumnado, coa supervisión do profesorado, vai traducir o texto. Farase un casting de voz entre os que se presenten para realizar a dobraxe, escolleranse os actores e procederase a gravar a dobraxe. Aproveitaremos os coñecementos do curso de gravación que imos recibir para facer as curtametraxes, para o que xa lle pedimos que deixaran espazo para aprendernos algo sobre dobraxe.

#### Obxectivos:

- Ligar a lingua galega ó cinema
- Unir a idea de ocio á lingua propia
- Dinamizar o uso do galego nos debates

- Practicar o rexistro culto da lingua

**Temporalización:** Todo o curso

**Destinatarios:** alumnado e pais

**Orzamento:** 60€ para comprar películas

## **4. MÚSICA EN GALEGO**

**Descrición:** Durante o curso pasado estivemos dándolle un impulso á música galega en galego entre os estudantes do noso IES, mediante a elaboración e edición do CD “Os quince máis votados” resultado dunha votación realizada entre todo o alumnado do centro que votou os grupos (tradicional e modernos) e logo as cancións preferidas de cada grupo. Tamén se buscaron as letras que se incluíron nun libriño que se introduciu na caixa do CD (véxase Memoria do curso pasado. Con todo enviamos unha mostra). O ano pasado quedou sen distribuír por falta de tempo e de diñeiro para financiar a totalidade da edición (coa metade do gasto correu a ANPA). Este curso, o alumnado do ENDL, xa montou as caixas dos CDs cos libriños e só queda facer a distribución. Pero como queremos que sexa un traballo que se valore e que se lle dea a xusta repercusión que merece, queremos sumarlle dúas actividades:

- **Charla sobre música galega en galego (presentación do CD)**

**Descrición:** Tentaremos traer a alguén do mundo da música para que lles fale ós nosos alumnos e alumnas da música en lingua galega. Pensamos en Xurxo Souto por ser coñecido tanto como cantante como por presentador do programa da Radio Galega e polo tanto moi bo comunicador. Estamos en trámites co IES Coroso de Ribeira para poder traelo no mesmo día. Este acto servirá de presentación do CD elaborado no centro e comezará nese momento a súa distribución.

**Temporización:** 1º trimestre (finais de outubro)

**Destinatarios:** Alumnado de 3º ESO

**Colaboración:** Vicedirección, dpto de lingua galega e literatura, dpto de música.

**Orzamento:** 200€

- **Concerto de música actual**

**Descrición:** Estamos buscando un grupo de música actual que cante en galego para que veña a dar un concerto. Pensamos en Deus ke te criw ou no grupo Machina. Ademais de cantar váiselles pedir que lles falen un pouco da súa música, das razóns que os levaron a empregar o galego e que animen ó noso alumnado a escoitar e mesmo a facer música en galego

**Temporización:** decembro

**Destinatarios:** toda a comunidade educativa

**Colaboración:** Departamento de música, dpto de lingua galega e literatura, vicedirección

**Orzamento:** 250€

## **LABOR EDITORIAL**

### **1. REEDICIÓN DE MATERIAIS:**

- **Ficha de “dúbdas lingüísticas” para o profesorado (Reedición ampliada e corrixida)**

**Descrición:** Deseñamos esta ficha o curso pasado para que o profesorado ó que, por un ou outro motivo, se lle presentan dúbdas con respecto ó galego, as poida recoller nunha ficha e pasárllelas ós membros do ENDL para que as resolva (Vid. Anexo IV). Este curso imos volver distribuír nos casilleiros as primeiras fichas, pero logo van estar á disposición de todos nunha especie de caixa de correo que estará nas dúas salas de profesorado para deixar e retirar de alí as dúbdas. Terase conta de lla dar durante o curso ó profesorado que vaia chegando para facer substitucións. Ó mesmo tempo entregarase unha carta na que se convida a tódolos membros do claustro á colaboración nas actividades do equipo, que tamén aparecerán descritas.

**Obxectivos:**

- Axudarlle ó profesorado a impartir as clases en lingua galega.
- Ofrecerlle materiais que lle poidan ser válidos para empregaren o rexistro culta da lingua.
- Potenciar o achegamento entre os membros do claustro e o ENDL .

**Destinatarios:** Profesorado do IES

**Temporización:** Todo o curso.

**Colaboración:** Departamento de lingua galega, dpto de orientación

**Orzamento:** 0 €

- **Tríptico “o galego na rede: ferramentas de axuda”**

**(Reedición ampliada e corrixida)**

**Descrición:**

Foi no curso 2006-2007 cando ideamos un tríptico no que se recollían enderezos de internet onde se encontran desde dicionarios ata correctores e tradutores que puidesen ser de utilidade para calquera usuario. Tivo enorme éxito e o curso pasado quixemos reeditalo pero non puido ser por falta de orzamento. Xa o estiveramos actualizando daquela e pretendemos este curso volver revisar os enderezos e ampliar a información para e reeditalo.

Pensamos distribuílo entre alumnado de 3º e 4º ESO que teñen a optativa de informática, e mais nos Bacharelatos. Tamén se vai facer unha distribución entre os pais a través da ANPA. Ó resto do alumnado daráselle unha fotocopia en branco e negro realizada no centro.

**Obxectivos:**

- Achegarlle a toda a comunidade educativa a información sobre as ferramentas informáticas de utilidade para a lingua galega.
- Impulsar un uso correcto da nosa lingua.
- Axudar a normalizar o galego na escrita.
- Dinamizar a lingua no ámbito das novas tecnoloxías

**Destinatarios:** Profesorado, persoal non docente, alumnado de 3º e 4º ESO de informática, alumnado de Bacharelato.

**Temporización:** 2º trimestre.

**Colabora:**

- Profesorado de informática.
- ANPA *Virxe de Guadalupe*

**Orzamento:** 184 € para o tríptico en color

- **Díptico de actualización normativa**

**(Reedición)**

**Descrición:** Para facilitar a tarefa do profesorado que vai dar as súas clases en galego, a do persoal non docente e mesmo a dos pais, acordamos reeditar este material que contén un resumo básico cos cambios sobre a norma estándar do galego. Xa realizáramos un no ano 2003 onde se resumía o cambio normativo e fora acollido con moito éxito, volvemos facer unha tiraxe os dous cursos pasados e sempre ten moi boa acollida. Así que baseándonos naquela idea, tentaremos recoller as dúbidas básicas existentes arredor do cambio normativo.

**Obxectivos:**

- Ofrecerlle ferramentas ao profesorado para que poida desenvolver o seu traballo coas menos trabas posibles.
- Promover o uso do galego nos textos escritos por parte do profesorado.
- Dinamizar o galego estándar.

**Temporización:** 2º trimestre

**Destinatarios:** profesorado, alumnado, persoal non docente, pais e nais...

**Colaboración:** Departamento de lingua galega, Dpto de orientación

**Orzamento:** 80€

## **2. EDICIÓN DE MATERIAIS NOVOS:**

- **Revista en DVD**

**Descrición:** Dado que Rianxo é un concello rural, moitas das familias non teñen acceso a internet nas súas casas, o que provocou que o curso pasado a revista non chegase a parte da comunidade educativa, co conseguinte desgusto para moitos, sobre todo para o alumnado que colaboraba. Moitos foron os que nos preguntaron se non íamos sacar versión en papel, actuación que desbotáramos –tal e como indicamos xa na memoria- porque nos levaba practicamente todo o orzamento. Este ano poderíamos valoralo de novo, pero quizais fose máis viable a efectos económicos realizar unha tiraxe en DVD da revista dixital Bico da ría. Ademais, se pretendemos apostar polas novas tecnoloxías unidas ó galego, esta solución sería a máis axeitada. Ademais este formato permitiríanos tamén incluír:

- os contidos do blog O castelo da lúa
- os contidos do blog Ex-libris
- un dossier de fotografías das diferentes actividades realizadas no curso
- as fotografías das aulas de 1º ESO (os que chegan ó centro) e 4º ESO (os que se van) que incluíamos tódolos anos e que tanto botaron de menos os membros do alumnado o curso pasado.

**Obxectivos:**

- Normalizar o uso do galego en relación ás TICs.
- Presentar un órgano de expresión en lingua galega de interese para a comunidade educativa.
- Promover a lectura en lingua galega.
- Difundir o traballo feito no ENDL.
- Eliminar prexuizos sobre o criterio de utilidade do galego.
- Achegarlle a toda a comunidade educativa materiais novidosos en lingua galega.
- Crear materiais de interese en lingua galega para os nosos mozos e mozas.

**Destinatarios:** Toda a comunidade educativa

**Temporalización:** 3º trimestre

**Colaboración:** Empresa Reverso, profesorado do claustro

**Orzamento:** 1000 €

- **CD “Ferramentas ofimáticas en galego”**

**Descrición:** En soporte CD realizarase unha recompilación de ferramentas ofimáticas con soporte en lingua galega para distribuír entre o profesorado e persoal non docente. Serían:

- Open Office (paquete ofimático de software libre que inclúe editor de texto, folla de cálculo, editor de presentacións...)
- Galgo: corrector ortográfico
- Golfiño: corrector gramatical

Aínda que todos eles se poden baixar de internet nos enderezos que aparecerán no tríptico arriba descrito, hai membros do profesorado que non teñen acceso á rede nas súas casas ou que non se manexan ben con internet e que lles resulta máis doado telo nun CD executable.

Tamén poñeremos a información do tríptico, é dicir tódolos enderezos coas ferramentas lingüísticas para que poidan copiar directamente as direccións.

**Obxectivos:**

- Normalizar o uso do galego entre profesorado e persoal non docente.
- Achegar o galego ás novas tecnoloxías.
- Facilitar ferramentas para promover o uso escrito do galego.

**Destinatarios:** Profesorado e alumnado de 2º de bacharelato

**Temporización:** 2º trimestre

**Colaboración:** Profesorado de informática

**Orzamento:** 400€

- **Calendarios**

**Descrición:** A edición de calendarios xa ten unha tradición asentada no ENDL e unha repercusión na poboación bastante considerable. Tódolos cursos editamos os calendarios de aula en colaboración co departamento de orientación e mais un calendario xeral para distribuír dentro e fóra do centro. Este curso editamos o calendario do 2009 coa reprodución das láminas elaboradas o curso pasado dentro do proxecto *No meu mar, na miña lingua*, aproveitando os deseños e léxico estudados dentro do proxecto. O calendario consta de 4 follas, unha por trimestre e cada unha leva unha lámina diferente.

A principal distribución dos calendarios faina o alumnado do ENDL quen, organizado por parroquias, leva os calendarios a tódolos establecementos comerciais e de restauración do concello. Tamén se distribúen calendarios entre os centros de ensino da comarca, ben por correo postal, ben nas reunións das coordinadoras comarcais.

**Obxectivos:**

- Normalizar a lingua escrita entre a poboación rianxeira, incidindo en termos moi castelanizados entre os galegofalantes (días da semana ou meses do ano).
- Difundir o léxico do ámbito dos deportes ligados ó mar.
- Achegar as actividades do ENDL a toda a comunidade.

**Destinatarios:** Toda a comunidade educativa (alumnado, profesorado, pais, persoal non docente) Veciños de Rianxo e visitantes e/ou usuarios dos locais comerciais.

**Colaboración:** Establecementos comerciais e de restauración do concello  
Escolas deportivas

**Temporización:** novembro e decembro.

**Orzamento:** 480,83€(Corren a cargo do Proxecto *No meu mar...*).

## **ACTIVIDADES DE PARTICIPACIÓN COLECTIVA: CHARLAS, CONTACONTOS E OBRADOIROS**

### **Descrición e obxectivos xerais:**

Tódolos anos tiñamos unha oferta de actividades que teñen como obxectivo implicar activamente a unha gran parte do alumnado abertas tamén a profesorado e pais que case nunca participaban. Este ano acordamos organizar unha actividade exclusiva para pais e nais, á que tamén poden acudir membros do profesorado que son pais e nais de familias. Cada unha das actuacións que se engloban neste apartado ten uns obxectivos específicos coa intención de cumprir algún dos obxectivos xerais, fundamentalmente o de tentar dignificar a lingua e eliminar prexuízos. Coinciden tamén en facer visible parte do traballo do equipo. A través delas tamén se lle ensina ó alumnado do ENDL como é a organización das actividades e implicámolo nas decisións, o que o leva a asumir responsabilidades... Eles participan no contacto cos conferenciantes, contacontos...preséntanos, avisan ós cursos implicados na actividade...

### **Actuacións específicas:**

#### **1. Charla para pais e nais: Vantaxes do plurilingüismo**

**Descrición:** Vaise tentar localizar a unha persoa que sexa boa oradora para transmitirles a pais e nais do alumnado unha mensaxe similar á que se lles enviou por escrito nas carpetas que se elaboraron para as familias o curso pasado (Vid. Memoria) e que se centraba nas vantaxes do plurilingüismo. Tentarase, nesta primeira charla organizada exclusivamente para eles, que ós pais lles quede claro que a súa lingua propia e a aprendizaxe dela enriquece e non atranca. Consideramos esta actividade moi importante á vista da perda de lingua interxeracional e ó

aumento de castelanfalantes. Vaise organizar facendo coincidir no día cunha reunión da ANPA. Convidarase as familias dos centros de primaria a través das súas ANPASs

**Obxectivos:**

- Tentar cortar a tendencia de perda de lingua interxeracional.
- Eliminar prexuizos sobre o galego entre as familias.
- Involucrar os pais na educación dos fillos a través do tema lingüístico
- Incidir nos pais para axudar á normalización da lingua no alumnado

**Temporalización:** 3º trimestre, tentarase facer coincidir coa Semana das Letras.

**Destinatarios:** familias do concello (pais, nais e titores legais do alumnado pero tamén )

**Colaboración:** ANPA Virxe da Guadalupe

**Orzamento:** 250€

## 2. Contacontos

**Descrición:** Preténdese traer un contacontos para o alumnado ESO. Dadas as limitacións económicas que temos este curso e que quedaron explicadas arriba, tentaremos organizar, tanto esta actividade coma as outras da mesma epígrafe, para o maior número de alumnado.

Organizaremos dúas sesións para aproveitar máis a actividade. Se houberse recursos económicos mesmo poderíamos traer a dous contacontos diferentes en ocasións diferentes.

Unha posibilidade podería ser a que estreamos o ano pasado de contos en inglés traducidos ó galego con Charo Pita e Tim Bowley pero non admiten máis ca un grupo de 60. Con todo gustaríanos poder facela porque nos axudaría a romper un dos prexuizos existentes no noso centro sobre a aprendizaxe do inglés que está asociada á tradución ó castelán.

As opcións que barallamos poderían ser: Celso Fernández San Martín, que nunca estivo no centro<sup>6</sup>; Paula Carballeira (viñera hai 5 anos) e/ou Quico Cadaval que xa foron convidados o curso pasado, pero por razóns laborais non podían asistir.

Desde o departamento de lingua castelá vaise levar a cabo un traballo de aula para complementar esta actividade.

**Obxectivos:**

- Achegar o alumnado á literatura oral
- Dignifica-la lingua propia nas comunicacións non cotiás
- Demostrar que hai actividades de ocio moi divertidas en lingua galega
- Demostrar que o galego serve para aprender unha lingua estranxeira prestixiada como é o inglés.

---

<sup>6</sup> O problema que podemos ter na contratación é que non faga factura. Se temos diñeiro do departamento chamariámolo igualmente.

**Destinatarios:** alumnado da ESO

**Temporización:** maio

**Colaboración:** vicedirección, departamento de lingua galega e literatura, dpto de lingua castelá

**Orzamento:** 425 € para dúas actuacións

### 3. “Galicia e as relacións cos países de lingua portuguesa”

**Descrición:** Xa hai anos que estamos a organizar esta charla con moito éxito. Nos primeiros anos contratábamola á Mesa, pero o curso pasado conseguimos traer ó centro á profesora de portugués da facultade de filoloxía de Santiago, quen veu acompañada por tres lectores. O resultado foi espectacular, polo que este ano tamén estaríamos interesados en repetila con uns ou outros actores.

**Obxectivos:**

- Demostrarlle ó alumnado que o galego pode abrílles portas no mundo lusófono.
- Eliminar prexuizos ó redor da súa lingua (“minoritaria” no mundo)
- Ensinarlle ó alumnado outra forma de adquirir coñecementos fóra da aula.

**Destinatarios:**

- Alumnado de 4º da ESO (100)
- Alumnado da optativa de portugués de 1º e 2º de Bacharelato.

**Temporización:** maio

**Colaboración:** departamento de lingua galega, vicedirección

**Orzamento:** 175 €

### 4. Obradoiro de optimización comunicativa. “O falar non ten cancelas”

**Descrición:** Igual ca nos tres cursos anteriores, contrataranse especialistas para que, cunha metodoloxía totalmente práctica e divertida para o alumnado, nunha sesión de dúas horas, traballen as actitudes do alumnado con respecto á súa lingua. (Recordamos que en Rianxo o alumnado é maioritariamente galegófono, pero só en usos orais e informais pois empregan o castelán na escrita e na oralidade para usos formais)

**Obxectivos:**

- Eliminar prexuizos sobre o uso do galego entre o alumnado galegófono que mantén un uso diglósico da lingua.
- Desmontar prexuizos sobre as variedades xeográficas do galego, sobre todo da propia, especialmente estigmatizada ó estar foneticamente moi marcada polo seseo e a gheada.

**Destinatarios:** Alumnado de 3º da ESO

**Temporización:** maio

**Colaboración:** departamento de lingua galega, vicedirección

**Orzamento: 350 €**

### **5. “Charla- obradoiro de dereitos lingüísticos”**

**Descrición:** O curso pasado encargamos por primeira vez esta actividade, que outros anos fora concibida só como charla, pero que acabou sendo unha actividade a cabalo da teoría e da práctica propia dun obradoiro. Dado que o curso pasado tivo unha avaliación moi positiva, acordamos volver organizala para que o alumnado aprenda cales son os seus dereitos e afonden no que significa a lingua como sinal de identidade. Chamaremos ben a Reverso (veu o curso pasado), ben a M<sup>a</sup> Xosé Curros (que ten funcionado ben en anos anteriores pero da que non sabemos aínda a súa dispoñibilidade)

**Obxectivos:**

- Darlle a coñecer ó alumnado os seus dereitos lingüísticos.
- Crear conciencia lingüística no alumnado
- Facer reflexionar o alumnado sobre a lingua como sinal de identidade.

**Destinatarios:** Alumnado de 1º bacharelato

**Temporización:** 3º trimestre

**Colaboración:** departamento de lingua galega, vicedirección

**Orzamento:** 350 €

### **6. Obradoiro de regueifas**

**Descrición:** Pinto de Herbón e Luís Caruncho demostraron, en dúas ocasións anteriores, ademais de entreter e divertir o alumnado conseguir que os rapaces e rapazas aprendan as bases para elaborar unha regueifa e que a leven á práctica. Tal e como expliquei para o contacontos, o problema pode vir derivado de que só admiten un número máximo de 50-60 alumnos para poder traballar cos discentes co obxectivo de que aprendan a regueifar.

**Obxectivos:**

- Dar a coñecer ó alumnado a poesía tradicional galega de tradición oral.
- Iniciar o alumnado nos procedementos de composición de regueifas.
- Asociar o galego con actividades divertidas.

**Destinatarios:** Alumnado de 2º ESO; alumnado de bacharelato (en dúas sesións diferentes)

**Temporización:** febreiro (entroido)

**Colaboración:** departamento de lingua galega, vicedirección

**Orzamento:** 400 €(dúas sesións: unha para ESO e outra para Bacharelato)

## **SAÍDAS:**

### **A PORTUGAL**

**Descrición:** Dado que existe no noso centro desde hai catro anos a optativa de lingua portuguesa para bacharelato e este curso tamén para 4º ESO, consideramos positivo organizar unha viaxe a Portugal cos discentes desta materia xunto cos membros do ENDL dos cursos máis altos. Os dous cursos anteriores xa saímos con eles cun resultado moi positivo, tanto na viaxe a Viana do Castelo coma na do Porto. Desde o departamento de lingua galega e literatura acordouse que en 1º Bacharelato o alumnado lea a obra de Rosa Aneiros *Resistencia*, que xa a leron o curso pasado e así se sintan máis motivados para iren ata Peniche.

#### **Obxectivos:**

- Dar a coñecer o patrimonio lingüístico e cultural dos nosos irmáns portugueses
- Mostrarlles as posibilidades que ten o galego para desenvolverse no país luso
- Eliminar prexuizos sobre o galego e tamén sobre o portugués

**Destinatarios:** Alumnado pertencente ó ENDL de 2º ciclo da ESO e de Bacharelato da optativa de portugués

**Temporización:** primeiras semanas do 2º trimestre

**Colaboración:** Departamento de lingua galega e literatura.

**Colaboración:** departamento de lingua galega, vicedirección

**Orzamento:** 600€ para o autobús que asumirán os propios viaxantes.

### **A SANTIAGO**

**Descrición:** Imos organizar, en colaboración co departamento de lingua galega, unha saída a Santiago para ver unha obra de teatro. Se nos coincidise ben iríamos no mesmo día á Facultade de filoloxía, idea que xurdiu o curso pasado ó sermos convidados por parte da profesora de lingua portuguesa da devandita institución, Carme Villarino, cando veu dar unha charla ó noso IES. Estamos pensando tamén en aproveitar a viaxe para achegarnos ó Centro Ramón Piñeiro para a investigación en Humanidades, co gallo de que entendan mellor a figura do homenaxeado este ano no Día das letras galegas pero aínda está por confirmar que sexa posible realizar a visita.

#### **Obxectivos:**

- Achegar o alumnado a unha manifestación cultural en lingua galega á que non teñen oportunidade de acudir en Rianxo, como é o teatro.
- Darlle a coñecer os departamentos de lingua galega e de lingua portuguesa ó alumnado de bacharelato.

- Mostrar a institución que leva o nome de Ramón Piñeiro para comezar a afondar na personalidade e no traballo do persoeiro homenaxeado.

**Destinatarios:** Alumnado de bacharelato para a visita á facultade e ó CRPIH, logo -dependendo da oferta de obras de teatro existente en Compostela e das posibilidades de organización do centro- poderán ser estes mesmos ou outros os destinatarios.

**Temporización:** 3º trimestre

**Colaboración:** departamento de lingua galega, vicedirección

**Orzamento:** 180 € para o autobús

## **VARIOS**

Neste apartado introducimos aquelas actividades puntuais que non entran en ningún dos grupos anteriores.

Por un lado, presentamos actuacións novas:

- **Rotulado en galego do centro**

**Descrición:** Detectamos algunha deficiencia no rotulado dalgunhas dependencias do centro, nomeadamente a conserxería e a secretaría. Tras falar coa dirección do centro e co persoal de servizos e administración, acordouse que o ENDL traduciría todos os rótulos, que pasarían a estar só en galego.

**Destinatarios:** todos os membros da comunidade

**Temporización:** 1º trimestre

**Colaboración:** Dirección

**Orzamento:** 0€ (a impresión dos novos rótulos farase cos medios do centro).

Por outro lado, estarían algunhas das actividades que xa realizamos con anterioridade varios anos, como poden ser:

- **Cartas de amor plurilingües**

**Descrición:** A actividade de impulsar a realización de cartas de amor lévase realizando desde hai seis anos no centro, sempre con moito éxito entre o alumnado, pero na modalidade de “fóra de concurso”, onde o único que se esixe é escribir unha carta en galego para que sexa entregada ó destinatario. Ano tras ano vemos como tanto a cantidade como a calidade das cartas que se presentan a concurso é moi escasa. Con todo, o alumnado segue pedindo que se organice a actividade e cúmprese o obxectivo fundamental que é que escriban as cartas de amor en galego. Este ano imos introducir unha variante que consiste na tradución de cartas de amor desde o galego ata o inglés, portugués, castelán e francés e viceversa, escolleranse cartas de amor noutros

idiomas e traduciranse ó galego nas aulas dos diferentes idiomas. Logo votarase a mellor carta de amor.

**Obxectivos:**

- Demostrar que se pode “ligar” en galego
- Fomentar o uso da lingua propia no rexistro culto
- Motivar a empregar o galego nas relacións amorosas
- Demostrar que o galego serve para aprender outros idiomas

**Temporización:** febreiro

**Destinatarios:** alumnado

**Colaboración:** departamentos de linguas (galega, castelá, francesa, inglesa)

**Orzamento:** 15 € para premiar as mellores cartas do alumnado

- **Diplomas para o alumnado do ENDL que abandona o centro**

**Descrición:** O pasado curso foi o primeiro que se decidiu elaborar uns diplomas para o alumnado que remataba no centro en 2º de Bacharelato e mais para aquel que abandonaba o centro, ben en 4º da ESO ou noutro curso, para recoñecerlles o seu traballo e mostrarlles ó resto dos compañeiros como lles estabamos agradecidos desde o ENDL. Farase coincidir co acto de entrega das orlas.

**Obxectivos:**

- Motivar o alumnado a participar no ENDL
- Darlle prestixio ó Equipo de normalización
- Recompensar as moitas horas de ocio que o alumnado ten pasado traballando no ENDL

**Temporización:** xuño

**Destinatarios:** alumnado do ENDL que abandona o centro

**Colaboración:** Dirección do centro

**Orzamento:** 30€ para os diplomas feitos en cartolina en color

- **Lecturas non literarias en galego**

**Descrición:** Seguiremos mantendo as **subscricións** existentes ó Semanario *A nosa Terra* e á a revista *Tempos Novos*. Tamén recibimos no centro a revista *Longa lingua* por sermos socios da Mesa. Estes materiais xuntaranse cos xornais nunha sala que vicedirección vai habilitar para facilitar as lecturas en horas de garda, tanto de profesorado coma de alumnado.

**Obxectivos:**

- Ofrecer unha información máis plural.
- Dar a oportunidade de achegarse á actualidade en galego.

**Temporización:** Todo o curso

**Destinatarios:** alumnado, profesorado, persoal non docente.

**Colaboración:** vicedirección, biblioteca

**Orzamento:** 300€ que corren a cargo do orzamento da biblioteca.

- **Camisetas, chapas e/ou bolígrafos**

**Descrición:** O ano pasado deseñamos, editamos e distribuímos trescentas camisetas co lema “Para entendernos mellor, en galego por favor”. Este curso imos sacar a concurso un lema normalizador entre o alumnado do centro e logo deseñaremos unhas novas camisetas, pero tamén chapas e/ou bolígrafos, dado que nos parece que esta diversificación na presentación axuda a difundir máis a mensaxe. Desde o departamento de plástica van colaborar para realizar o deseño.

**Obxectivos:**

- Eliminar prexuizos sobre o galego
- Crear sensibilidade arredor da lingua

**Temporización:** 2º e 3º trimestre

**Destinatarios:** toda a comunidade escolar, veciños da comarca

**Colaboración:** vicedirección, dpto de plástica

**Orzamento:** 700€ (500€ para 100 camisetas, 200€ para chapas e bolígrafos)

- **Campañas e iniciativas externas**

O ENDL queda aberto a propostas e iniciativas dinamizadoras que veñan de fóra, tanto doutros centros de ensino coma de organismos ou institucións tipo A Mesa, ás que nos temos sumado outros anos (campaña de galeguización de móbiles, por exemplo). Loxicamente valoraranse antes debidamente e realizaranse sempre e cando nos parezas viables e se adapten ás nosas posibilidades.

## MEMBROS DO EQUIPO

### Profesorado e persoal non docente

#### Profesorado

M<sup>a</sup> Paz Plaza Sixto  
 Rodolfo Piñeiro Pazos  
 M<sup>a</sup> Dolores Bretal Martínez  
 M<sup>a</sup> Concepción Rodríguez Varela  
 Josefa Gamarra  
 Emilio Losada  
 María A. González González  
 Xabier Vázquez Parcerero  
 Noemí Álvarez Villar

#### Disciplina

Lingua galega (3º, 4º ESO e Bach)  
 Música ( 1º, 2º ESO)  
 Música (3º, 4º ESO e Bach)  
 Lingua castelá (3º,4º ESO e Bach)  
 Física (3º, 4º ESO e Bach)  
 Educación Física (3º, 4º ESO e Bach)  
 Francés (tódolos niveis)  
 Lingua castelá (1º, 2º ESO)  
 Lingua galega e literatura (3º,4º ESO)

#### Persoal non docente

María Dolores Rodríguez Rodríguez

#### Coordinadora

Valentina Formoso Gosende

Lingua galega (3º, 4º ESO e Bach)

#### Alumnado<sup>7</sup>

Iván José Bermúdez Alcalde  
 Iván Calvo Muñíz  
 Marta Méndez Cespón  
 Sara Caamaño Lojo  
 Elisabet Lojos Seage  
 Viviana Bermúdez Alcalde  
 María Alcalde Rubio  
 Anxo Alcalde Sobradelo  
 Ignacio Oliveira Vidal  
 José Antonio Sobradelo Mourelos  
 Pablo Piñeiro Caamaño  
 Nerea Cebreiro Tarrío  
 Julián Bustelo Abuín

<sup>7</sup> No momento de pechar este documento aínda non se puido anotar o alumnado de 1º ESO

Carla Blanco Sobradelo

Uxía Lojo Pouso

África Torrado Rodríguez

José Antonio Martínez Galbán

Laura Noya Ces

Alba Quintáns Resúa

Iria Romero Seijas

Sara González Pimentel

Iria Mariña Otero Rodríguez

Lara Carou Ordóñez

Cristina Barreiro Collazo

Paloma Romero Ordóñez

Fabiola Suárez Iglesias

Adriana Romero Rey

M<sup>a</sup> Goretti Fungueiriño Ordóñez

Eva Lopez Castro

Fátima Lijó Romay

Clara Suárez Somoza

Esther Domínguez Alcalde

Lucía Triñanes Blanco

Lorena Villanustre Torres

Raquel Cespón Romero

Rianxo, 3 de outubro de 2008

**A coordinadora**

**Valentina Formoso Gosende**

**Visto e prace  
A directora**

**M<sup>a</sup> Victoria Bonino**

## **5. ANEXOS**

- 1- Análise sociolingüística
- 2- Normas para a participación na revista dixital
- 3- Láminas do proxecto *No meu mar, na miña lingua...* desenvolto o curso pasado
- 4- Ficha de dúbidas lingüísticas para o profesorado

## **ANEXO 1**

### **ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA**

## **ANEXO 2**

### **Normas da revista dixital**

## **ANEXO III**

### **Láminas do proxecto *No meu mar, na miña lingua I* (curso 2007 - 2008)**

## **ANEXO IV**

### **FICHA DE DÚBIDAS LINGÜÍSTICAS PARA O PROFESORADO**